



revista das letras 463



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves.
Coordinación: A.R. Lopez e Sociedade Moia. Desenho: Anton Lopo.
Ilustracións e fotografías: Chico Miras.
Maquetación: Caros Botana.
E-mail: R21@elcorreogallego.es

d a g



ASASÍNANSE CIVÍS, MORREN OS NENOS, TÉCESE UNHA PERIGOSA REDE DE REPULSA CONTRA A CULTURA OCCIDENTAL, DÁSELLE BAZAS ÓS FUNDAMENTALISMOS ISLÁMICOS, INCÚLCASE A SOCIEDADE DA GUERRA, FOMENTÁSE O COMERCIO DE ARMAS, ESPECIALÍZASE A TECNOLOXÍA NA POTENZA BÉLICA, HIPOTÉCASE O FUTURO DA ZONA, AFIÁNZASE UNHA REDE DE ESTADOS SUBSIDIARIOS SOBRE OS FONDOS PETROLÍFEROS DE ORIENTE MEDIO, MACHÚCASE O ESFORZO DE MILES DE PERSOAS POR FACER DA PAZ UNHA ARMA IRRENUNCIABLE. TAMÉN SE DESTRÚE O PATRIMONIO: A UNESCO RECIBIU “INFORMACIÓNS ALARMANTES” E TEME QUE OS BOMBARDEOS ESTADOUNIDENSES XA DANASEN O VALIOSO PATRIMONIO DESTE PAÍS, PESE ÁS RECOMENDACIÓNS QUE TRANSMITIU A ORGANIZACIÓN A WASHINGTON ANTES DO INICIO DO CONFLICTO. RECIBIRON INFORMACIÓNS DE QUE O MUSEO DE TIKRIT (A CIDADE NATAL DE SADDAM HUSSEIN) FOI ALCANZADO, ASÍ COMO O DE MOSUL (NORTE) E UN PAZO DE BAGDADE QUE CONTÉN UNHA COLECCIÓN DE OBXECTOS DA ÉPOCA DA MONARQUÍA. TAMÉN EXISTE PREOCUPACIÓN POLA SITUACIÓN EN BASORA E MÁIS EN NAYAF E KERBALA, DÚAS CIDADES SANTAS PARA OS CHIÍTAS. A MESOPOTAMÍA E O ANTIGO CALIFATO DOS ABASÍS CONSTITÚEN XOIAS DA CIVILIZACIÓN MUNDIAL.

Señores da guerra

OS SEÑORES DA GUERRA REPITEN A ESTRATEXIA Á QUE TEÑEN AFEITO Ó MUNDO: COA DESCULPA DE ANIQUILAR UN RÉXIME POLÍTICO DICTATORIAL –QUE NINGUÉN NEGA– AVANZAN NA SÚA POLÍTICA HEXEMÓNICA PARA DOMINAR O MUNDO. OS SEÑORES DA GUERRA XA ESTIVERON EN PANAMÁ, NA CONTENDA DO GOLFO, EN HAITÍ, EN AFGHANISTÁN E, AGORA, TAMÉN IRAQ. SON SEÑORES CON NOME PROPIO: A FAMILIA BUSH (BUSH i E BUSH ii), RUMSFIELD, COLIN POWELL E CHENEY. XUNTOS, CONFORMAN UN EQUIPO QUE PASARÁ Á HISTORIA POLA SÚA ENCONADA TEIMOSÍA DE CONVERTER O PLANETA NUN TRAXE A MEDIDA DO TÍO SAM E, Ó MESMO TEMPO, POLA REPULSA QUE PROVOCAN EN TODO O MUNDO: CONTRA A SÚA POLÍTICA E CONTRA AS SÚAS GUERRAS LOGRARON CONGREGAR MILLÓNS E MILLÓNS DE PERSOAS ANOXADAS POR UNHA ESTRATEXÍA MILITAR BASEADA NA ESQUILMACIÓN E NA DESTRUCCIÓN. POR VEZ PRIMEIRA, ENFRÓNTANSE A UN NOVO INIMIGO DE FORZA INCALCULABLE: ESA OPINIÓN PÚBLICA INTERNACIONAL QUE CONTRA ELES DIRIXE O SEU DEDO ACUSADOR.





m

ningunha das últimas guerras que asolan o mundo foi tan contestada como a que os Estados Unidos e a Gran Bretaña iniciaron, co apoio de España, o pasado 20 de marzo contra Iraq. A razón desta xeralizada protesta débese, probablemente, a que os Estados Unidos están forzando a súa maquinaria bélica con tanta vehemencia que a paciencia do planeta inteiro está chegando ós seus límites. Xa non se trata só desta guerra artellada por riba da ONU ou da fachenda coa que os denominados aliados actúan e manipulan a opinión pública: trátase, ademais, de sa sucesión de contendas que os Estados Unidos tracexan desde mediados dos oitenta con idénticos parámetros e planificación similar: xustificar a súa política hexemónica.


O pasado sábado, visitou Galicia o periodista galego Ignacio Ramonet—director de *Le monde diplomatique*—para falar nunha xornada sobre periodismo e novos medios arredor da guerra de Iraq. Ramonet, cofecido pola súa postura crítica e a lúcida análise da política contemporánea, foi drástico nas súas afirmacións: a guerra de Iraq é máis do mesmo, máis da dinámica que os Señores da Guerra do Partido Repúblico de Estados Unidos desenvollen desde a intervención de Granada, Haití, Panamá, O Golfo e Afganistán. Máis aínda, considera que o atentado contra as Torres Xemelgas non foi máis que un pretexto para proseguir nesa liña de actuación.

¿Pretexto? Si—subliña o periodista—e apóiase no feito de que os terribles atentados do 11-S non tiñan como obxectivo provocar un "máximo de destrozos" senón destrozos simbólicos para humillar a superpotencia. Se non fose así, non tería sentido que os terroristas dirixisen os seus avións cara a lugares cun horizonte de vítimas apreciable pero non avultado: catro avións impactando contra catro encoros bastaría para provocar miles de mortos; e catro avións contra senllas centrais nucleares acirraría unha auténtica apocalipse en Estados Unidos.

Sen embargo, o atentado serviulle á Administración Bush para lanzar de novo a súa ameaza guerreira, sempre baixo a mesma filosofía: un réxime corrupto, un dirixente dictatorial e unha situación social lastrada pola falta de democracia. Son as xustificacións idénticas que, anteriormente, se argumentaron para invadir Panamá e sacar do medio ó xeneral Noriega; idénticas, así mesmo, ás usadas na invasión de Haití e nas de Granada, esta última máis afastada na memoria colectiva. Idénticas, por último, ás que levaron ó Exército norteamericano a ocupar Afganistán.

Pero estes conflitos bélicos non teñen unicamente nas xustificacións as súas coincidencias: hai máis. Por exemplo: foron levadas a cabo por un equipo inalterado, tanto en Panamá, Haití, O Golfo, Afganistán ou en Iraq: a Familia Bush (Bush I e Bush II), Colin Powel, Rumsfeld e Cheney, este último principal beneficiario agora a través dos investimentos de reconstrución, que foron dar a unha das súas empresas familiares. Son, en realidade, os auténticos Señores da Guerra.

Outra coincidencia é que tanto Noriega, como os Talibán ou Huseim foron, no seu día, dictadores apoiados polo Goberno de Wáshing-





ton e aliados seus na zona para frear, principalmente, a ascensión da esquerda e, no caso de Husein, para frustrar o réxime de Teherán, que derrocou o Sha e arrebatoulle a Estados Unidos un dos seus bastións na zona.

A guerra de Iraq, ademais, acentúa as contradicións da estratexia: mentres os Señores da Guerra publicitan a súa cruzada en contra das dictaduras e a prol da democracia, non dubidan en conseguir o apoio de países dirixidos por políticos corruptos e réximes sen indicio democrático. Fixoo xa na guerra de Afganistán con Paquistán —e o golpista Musharraf á fronte— ou con Usbekistán, o máis encistado e pechado estado que xurdiu da desintegración da URSS. Con anterioridade, Estados Unidos xa apuntou os apoios do reino fundamentalista islámico de Arabia Saudí e de emiratos tan significativos pola súa falta de transparencia democrática como Qatar. Deste xeito, e unha vez conquistado Iraq, estenderase unha circunferencia perfecta arredor do último estado que desafiaba a hexemonía norteamericana: Irán. Ninguén cuestiona que o réxime de Teherán será o próximo obxectivo.

Diplomaticamente, pola contra, a guerra contra Husein e os seus partidarios resultou un verdadeiro fracaso, probablemente o maior desastre destas características na historia dos Estados Unidos. Un fracaso que se fraguou coa irrupción en escena dun fenómeno ata agora inédito: a aparición do embrón da Opinión Pública Internacional. Esta aparición marca, sen dúbida, a única nota de optimismo nun período histórico de terribles presaxios e escuridade informativa. Son varios millóns de persoas as que, a diario, saen ás rúas en todo o mundo para amosar a súa total repulsa á guerra e á política de Bush II. Millóns de persoas que revelan tamén ata qué punto a Cultura de Internet permite a interconexión simultánea e a organización de movementos que se realizan en cidades distantes entre si miles de quilómetros.

En España, cun caldo de cultivo que se alimentou coas protestas contra os responsables da catástrofe do *Prestige*, miles de persoas tomaron espontaneamente as cidades para reclamar un cambio de actitude no presidente do Goberno español, José María Aznar, único dirixente europeo que, ademais do británico Tony Blair, secundou cegamente as negociacións de Bush II para acadar o maior quorum posible na cruzada bélica. Tamén lle reclamaron a dimisión.

As protestas estendéronse a Estados Unidos, nunha dinámica diferente á que rexistrou a superpotencia cando se lanzou á guerra do Vietnam. Daquela, non se rexistran ningún tipo de protestas ata pasados varios anos de sangrentos combates, traio desgaste dunha contenda longa que provocou miles de mortos.

En Iraq, non parece que a guerra —esta guerra— vaia prolongarse, pero tampouco resultou o paseo que os xenerais norteamericanos esperaban. O seu guión prestablecido deulle sorpresas. Eles contaban que nada máis poñer o pé en territorio iraquí, as masas populares sairían ó seu encontro e os celebrarían como libertadores. Nas súas contas, incluíase a certeza de que os militares do exército de Husein desertarían rapidamente, que as cidades caerían baixo o paraugas de Bush sen dilación, que non habería resistencia e que o réxime do dictador se desmoronaría *ipso facto*. Nada diso aconteceu e as cidades que a propaganda militar ianqui deu como súas nos primeiros días, pronto se converteron en ósos duros de roer, dificilmente accesibles, cunhas milicias que combatían feramente e que provocaron nos soldados da alianza anglo americana máis baixas das que o electorado dos seus respectivos países pode asemillar de prolongarse unhas semanas máis.

A propaganda exerce un papel fundamental. En Iraq ensáiasse de novo o método que a Grande Bretaña utilizou na Guerra das Malvinas: poñer os reporteiros en primeira liña de lume e como acompañantes das forzas. Houbo contendas, como a da invasión de Granada, da que a penas existen imaxes. Tampouco na invasión de Panamá se permitiu retransmitir imaxes, anque se rexistrasen máis de 2000 mortos: mesmo, foron asasinados os testemuños gráficos que podían amosarlle ó mundo a cruza dos invasores nos seus ataques. Na Guerra do Golfo, a CNN —unha especie de cordo umbilical que pon en contacto os cidadáns norteamericanos cos seus guerreiros— retransmitiu a pé de canón os bombardeos, pero a penas exhibiu os soldados. Agora, os soldados son verdadeiros protagonistas das imaxes e incluso, desobedecendo as regras da convención de Xenebra, os dous bandos amosaron os seus respectivos prisioneiros.

As informacións dos medios non son fiables, utilizados por aliados e iraquís para os seus fins bélicos. As mentiras crean as súas propias estruturas léxicas e a mentira convértese na única moeda de cambio, na clave de acceso, na lei divina. E nesa realidade borrosa, inventada e manipulada, difusa e confusa, os medios están a perder a súa propia batalla.

S. noIAE a.r. IÓPEZ





Carta de Mia Couto a Bush

O ESCRITOR MOZAMBICANO MIA COUTO, UNHA DAS GRANDES FIGURAS DA LUSOFONÍA E DA LITERATURA MUNDIAL ESCRÍBELLE Ó PRESIDENTE BUSH UNHA CARTA, FACILITADA POLAS REDES ESCARLATA, NA QUE LLE RECIMINA Ó PRESIDENTE NORTEAMERICANO O DESENVOLVEMENTO DUNHA POLÍTICA LESIVA PARA O MUNDO. “NÓS, OS POVOS DOS PAÍSES PEQUENOS”, ESCRIBE COUTO, “TEMOS UNHA ARMA DE CONSTRUÇÃO MASSIVA: A CAPACIDADE DE PENSAR”.

S

enhor Presidente:

Sou um escritor de uma nação pobre, um país que já esteve na vossa listanegra. Milhões de moçambicanos desconheciam que mal vos tínhamos feito.

Éramos pequenos e pobres: que ameaça poderíamos constituir? A nossa arma de destruição massiva estava, afinal, virada contra nós: era a fome e a miséria.

Alguns de nós estranharam o critério que levava a que o nosso nome fosse manchado enquanto outras nações beneficiavam da vossa simpatia. Por exemplo, o nosso vizinho? a África do Sul do "apartheid"? violava de forma flagrante os direitos humanos. Durante década-

das fomos vítimas da agressão desse regime. Mas o regime do "apartheid" mereceu da vossa parte uma atitude mais branda: o chamado "envolvimento positivo". O ANC esteve também na lista negra como uma "organização terrorista". Estranho critério que levaria a que, anos mais tarde, os talibã e o próprio Bin Laden fossem chamadas de *freedom fighters* por estrategas norte-americanos.

Pois eu, pobre escritor de um pobre país, tive um sonho. Como Martin Luther King certa vez sonhou que a América era uma nação de todos os americanos.

Pois sonhei que eu era não um homem mas um país. Sim, um país que não conseguia dormir. Porque vivia sobressaltado por terríveis factos. E esse temor fez com que proclamasse uma exigência. Uma exigência que tinha a ver consigo, Caro Presidente. E eu exigia que os Estados Unidos da América procedessem à eliminação do seu armamento de destruição massiva. Por razão desses terríveis perigos eu exigia mais: que inspectores das Nações Unidas fossem enviados para o vosso país. Que terríveis perigos me alertavam? Que receios o vosso país me inspiravam? Não eram produtos de sonho, infelizmente. Eram factos que alimentavam a minha desconfiança. A lista é tão grande que escolherei apenas alguns:

—Os Estados Unidos foram a única nação do mundo que lançou bombas atómicas sobre outras nações;

—O seu país foi a única nação a ser condenada por "uso ilegítimo da força" pelo Tribunal Internacional de Justiça;

—Forças americanas treinaram e armaram fundamentalistas islâmicos mais extremistas (incluindo o terrorista Bin Laden) a pretexto de derrubarem os invasores russos no Afeganistão;

—O regime de Saddam Hussein foi apoiado pelos EUA enquanto praticava as piores atrocidades contra os iraquianos (incluindo o gaseamento dos curdos em 1998);

—Como tantos outros dirigentes legítimos, o africano Patrice Lumumba foi assassinado com ajuda da CIA. Depois de preso e torturado e baleado na cabeça o seu corpo foi dissolvido em ácido clorídico;

—Como tantos outros fantoches, Mobutu Seseseko foi por vossos agentes conduzido ao poder e concedeu facilidades especiais à espionagem americana: o quartel-general da CIA no Zaire tornou-se o maior em África. A ditadura brutal deste zairense não mereceu nenhum reparo dos EUA até que ele deixou de ser conveniente, em 1992;

—A invasão de Timor Leste pelos militares indonésios mereceu o apo-

io dos EUA. Quando as atrocidades foram conhecidas, a resposta da Administração Clinton foi "o assunto é da responsabilidade do governo indonésio e não queremos retirar-lhe essa responsabilidade";

—O vosso país albergou criminosos como Emmanuel Constant um dos líderes mais sanguinários do Taiti cujas forças para-militares massacraram milhares de inocentes. Constant foi julgado à revelia e as novas autoridades solicitaram a sua extradição. O governo americano recusou o pedido.

—Em Agosto de 1998, a força aérea dos EUA bombardeou no Sudão uma fábrica de medicamentos, designada Al-Shifa. Um engano? Não, tratava-se de uma retaliação dos atentados bombistas de Nairobi e Dar-es-Salaam.

—Em Dezembro de 1987, os Estados Unidos foi o único país (junto com Israel) a votar contra uma moção de condenação ao terrorismo internacional. Mesmo assim, a moção foi aprovada pelo voto de cento e cinquenta e três países.

—Em 1953, a CIA ajudou a preparar o golpe de Estado contra o Irão na sequência do qual milhares de comunistas do Tudeh foram massacrados. A lista de golpes preparados pela CIA é bem longa.

—Desde a Segunda Guerra Mundial, os EUA bombardearam: a China (1945-46), a Coreia e a China (1950-53), a Guatemala (1954), a Indonésia (1958), Cuba (1959-1961), a Guatemala (1960), o Congo (1964), o Peru (1965), o Laos (1961-1973), o Vietname (1961-1973), o Camboja (1969-1970), a Guatemala (1967-1973), Granada (1983), Líbano (1983-1984), a Líbia (1986), Salvador (1980), o Nicarágua (1980), o Irão (1987), o Panamá (1989), o Iraque (1990-2001), o Kuwait (1991), a Somália (1993), a Bósnia (1994-95), o Sudão (1998), o Afeganistão (1998), a Jugoslávia (1999)

—Ações de terrorismo biológico e químico foram postas em prática pelos EUA: o agente laranja e os desfolhantes no Vietname, o vírus da peste contra Cuba que durante anos devastou a produção suína naquele país.

—O Wall Street Journal publicou um relatório que anunciava que 500 000 crianças vietnamitas nasceram deformadas em consequência da guerra química das forças norte-americanas.

[Opesadelo]

Acordei do pesadelo do sono para o pesadelo da realidade. A guerra que o Senhor Presidente teimou em iniciar poderá libertar-nos de um ditador. Mas ficaremos todos mais pobres. Enfrentaremos maiores dificuldades nas nossas já precárias economias e teremos menos esperança num futuro governado pela razão e pela moral. Teremos menos fé na força reguladora das Nações Unidas e das convenções do direito internacional. Estaremos, enfim, mais sós e mais desamparados.

Senhor Presidente:

O Iraque não é Saddam. São 22 milhões de mães e filhos, e de homens que trabalham e sonham como fazem os comuns norte-americanos. Preocupamo-nos com os males do regime de Saddam Hussein que são reais. Mas esquece-se os horrores da primeira guerra do Golfo em que perderam a vida mais de 150 000 homens.

O que está destruindo massivamente os iraquianos não são as armas de Saddam. São as sanções que conduziram a uma situação humanitária tão grave que dois coordenadores para ajuda das Nações Unidas (Dennis Halliday e Hans Von Sponeck) pediram a demissão em protesto contra essas mesmas sanções.

Explicando a razão da sua renúncia, Halliday escreveu: "Estamos destruindo toda uma sociedade. É tão simples e terrível como isso. E isso é ilegal e imoral". Esse sistema de sanções já levou à morte meio milhão de crianças iraquianas.

Mas a guerra contra o Iraque não está para começar. Já começou



há muito tempo. Nas zonas de restrição aérea a Norte e Sul do Iraque acontecem continuamente bombardeamentos desde há 12 anos. Acredita-se que 500 iraquianos foram mortos desde 1999. O bombardeamento incluiu o uso massivo de urânio empobrecido (300 toneladas, ou seja 30 vezes mais do que o usado no Kosovo).

Livrar-nos-emos de Saddam. Mas continuaremos prisioneiros da lógica da guerra e da arrogância. Não quero que os meus filhos (nem os seus) vivam dominados pelo fantasma do medo. E que pensem que, para viverem tranquilos, precisam de construir uma fortaleza. E que só estarão seguros quando se tiver que gastar fortunas em armas. Como o seu país que despende 270 000 000 000 000 dólares (duzentos e setenta biliões de dólares) por ano para manter o arsenal de guerra. O senhor bem sabe o que essa soma poderia ajudar a mudar o destino miserável de milhões de seres.

O bispo americano Monsenhor Robert Bowman escreveu-lhe no final do ano passado uma carta intitulada "Porque é que o mundo odeia os EUA?" O bispo da Igreja Católica da Florida é um ex-combatente na guerra do Vietname. Ele sabe o que é a guerra e escreveu: "O senhor reclama que os EUA são alvo do terrorismo porque defendemos a democracia, a liberdade e os direitos humanos. Que absurdo, Sr. Presidente! Somos alvos dos terroristas porque, na maior parte do mundo, o nosso governo defendeu a ditadura, a escravidão e a exploração humana. Somos alvos dos terroristas porque somos odiados. E somos odiados porque o nosso governo fez coisas odiosas. Em quantos países agentes do nosso governo depuseram líderes popularmente eleitos substituindo-os por ditadores militares, fantoches desejosos de vender o seu próprio povo às corporações norte-americanas multinacionais? E o bispo conclui: O povo do Canadá desfruta de democracia, de liberdade e de direitos humanos, assim como o povo da Noruega e da Suécia. Alguma vez o senhor ouviu falar de ataques a embaixadas canadenses, norueguesas ou suecas? Nós somos odiados não porque praticamos a democracia, a liberdade ou os direitos humanos. Somos odiados porque o nosso governo nega essas coisas aos povos dos países do Terceiro Mundo, cujos recursos são cobichados pelas nossas multinacionais".

[Legitimidade]

Senhor Presidente:

Sua Excelência parece não necessitar que uma instituição internacional legitime o seu direito de intervenção militar. Ao menos que posamos nós encontrar moral e verdade na sua argumentação. Eu e mais milhões de cidadãos não ficamos convencidos quando o vimos justificar a guerra. Nós preferíamos vê-lo assinar a Convenção de Kyoto para conter o efeito de estufa. Preferíamos tê-lo visto em Durban na Conferência Internacional contra o Racismo.

Não se preocupe, senhor Presidente. A nós, nações pequenas deste mundo, não nos passa pela cabeça exigir a vossa demissão por causa desse apoio que as vossas sucessivas administrações concederam apoio a não menos sucessivos ditadores. A maior ameaça que pesa sobre a América não são armamentos de outros. É o universo de mentira que se criou em redor dos vossos cidadãos.

O perigo não é o regime de Saddam, nem nenhum outro regime. Mas o sentimento de superioridade que parece animar o seu governo. O seu inimigo principal não está fora. Está dentro dos EUA. Essa guerra só pode ser vencida pelos próprios americanos.

Eu gostaria de poder festejar o derrube de Saddam Hussein. E festejar com todos os americanos. Mas sem hipocrisia, sem argumentação e consumo de diminuídos mentais. Porque nós, caro Presidente Bush, nós, os povos dos países pequenos, temos uma arma de construção massiva: a capacidade de pensar.

mIA cOUTO

Manuel Seixas

SUSPIRO I

Foi a noite en Endiland,
foi o día e a tardíza
ninguén chorou
choramos todos
e a brisa cuspiu nos ollos.

SUSPIRO II

Foi a morte en Endiland
calou o corvo
falaron os mortos
non hombo eternidade
non hombo milagres
falaron os mortos
e riron e riron

SUSPIRO III

Cando a nosa terra de Endiland oíu a batalla e a guerra infestada de
aldraxa nozo loucura botou a correr a nosa terra e nós tras dela nós
e o inmenso cheiro aborrecido da miseria luxusta implacable
miseria miseria Endiland botou lume acado salvaxe lume negro
escuridade e merda inhumana ou humanos demos cando a nosa terra
oíu e sen sozo amputado pensou no medo calafrió costas cotteios
Endiland entón rexenerou a amputación perversa e foi o que
suspiramos.

SUSPIRO IV

Houbo quen sozou nubes en Endiland, nubes de cores e cores de
nubes
e houbo quen durnu sen sozar sen nubes sen cores
e hombo sonos por sempre interrompidos
Endiland descansa e ás veces soza.

SUSPIRO V

Bágoas en Endiland para ti e para min, saíxados roibóns inexistentes
na mazancíza, escumas roubadas a perdidos arcos da vella, vellas
imaxes de caras rebeladas, novas revelacións da loucura, tristeza




revista das letras 464

redes.org
scarlata



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves.
Coordinación: A.R. Lopez e Sociedade Moia. Desenho: Anton Lopo.
Ilustracións e fotografías: Chico Miras.
Maquetación: Caros Botana.
E-mail: Rdi@elcorreogallego.es

Xuro que nunca volverei pasar fame



Este mesmo mes de abril aparecerá nas librerías 'Xuro que nunca volverei pasar fame', un libro editado por Linteo que serve de antoloxía dos poetas da Redes Escarlata, unha asociación cultural de ámbito galego que nos últimos anos está a crear un novo xeito de enfrontarse á arte e á acción. Nas redes, agrúpanse un abano cronolóxico de poetas que abrangue desde Ramón Lorenzo e Méndez Ferrín ás novas xeracións de Iago Castro e Alberto Moman, pasando por Xavier Cordal, Chus Pato, Antón Dobao, Anxo Angueira, Manuel Seixas ou Pilar Beiro. O monográfico que hoxe presentamos, cunha introducción do propio Xavier Cordal, recolle boa parte dos poetas incluídos nesa antoloxía e un poema representativo de cada un dos escolmados na edición de Linteo.

O

s libros comezan polo título; despois, ás veces, hai un prólogo, aínda que en rara ocasión tan brillante coma o que ofrece Antón Figuerola, membro das Redes Escarlata.

A relación entre o poema e a fame vén de vello, e fúndaa na poesía galega –privilexiada, porque é privilexio do poeta dar voz a quen non posúe sequera historia ou espazo para vivir– Rosalía de Castro, non Scarlett O'Hara. (Lady Gregory, da bela Eirín, vendera a súa alma a cambio de rematar coa fame na illa. E Tara éraos o nome da terra –¿ou era unha facenda?– sobre a que declamaba Vivien Leigh. O círculo péchase noutro Tara, o quinto reino soberano que cantan as epopeas do norte: un omphalos, o non-lugar).

Os poemas, os xuramentos, a soberanía, igual que a fame, aínda que en grao máis tolerable, son parte do corpo. Forman tamén parte da nación, ou son nación, as Redes Escarlata, unha asemblea ceibe de case dúscenas persoas que leva causado certo estupor na socioloxía política e cultural galega. Nalgún medio de comunicación afirmou-se que as Redes Escarlata (RRE) eran unha "Asociación de poetas". Púdonos parecer incompleto o alcume, porque as RRE, como afirma o manifesto inaugural, son un barco de pedra. Na súa cuberta granítica conflúen e navegan moitas outras persoas que non escriben versos: sindicalistas, paradas, universitarios, ex-presos políticos, deseñadoras, pintoras, xente do choio asalariado e puteado, narradores.

Conviría que os intérpretes das RRE calmasen a febre da etiquetaxe rápida. E isto vale para o libro que se publica hoxe, unha obra paradoxal e incompleta como aquel artilluxio do século XX chamado "realidade". O poemario colectivo que terás axiña nas mans, do cal hoxe a *Revista das Letras* brinda un pequeno adianto, carece de dirección, de consignas, de estética e de vocación para a escola. A súa materialidade aparecerá aí, clara e distinta. Se

na poesía galega hai un canon, ou dous, ¿onde está Xuro que nunca volverei pasar fame? No presente, sen dúbida; o canon é cousa do pasado. E máis a partir desta obra, un texto fragmentado, asembleario, que fai convivir poetas de máis de sesenta anos con case mozos que andan no alén dos vinte. No que podería haber máis, porque seguen entrando poetas, entre outros oficios, nas Redes Escarlata.

Deixamos ao xuízo certoiro da crítica a tarefa de procurarlle sentido ao libro, de tirarlle o factor común. Cando o dean feito será tarde. Os versos moveranse estrañamente, atinxirán mundo, ofrecerán tentáculos e ollos, rizomas. Desafiarán: ¿que significa a frase "poesía galega contemporánea"? Ou esta pregunta perversa: ¿por que non están moitos poetas galegos nas Redes? Xa dixen que era perversa. Ou tamén: ¿que significa "xeración"? E se fosen só un grupo de colegas ¿por que asumen un texto fundacional no que se constata que o mundo segue dividido en clases, que están pola República galega, contra o Capital?

Durante os sesenta e setenta do século pasado, os foros culturais, que encubrían un proxecto político, eran controlados de esguello pola Brigada Político-Social –qué nome máis bonito para unha asociación de poetas–. Pódese agora facer como se as Redes Escarlata non tivesen existido nunca, unha das tácticas da Policía do Pensamento. De feito cando as RRE dixeran as súas palabras en formato recital a maior parte dos xornais, radios e televisións cambiaron de tema. Non nos publican tampouco os manifestos, e iso que son en prosa. Non recollen as nosas tomas de posición contra o peche de Egunkaria, a prol dun cinema que renegue converterse en eco das produtoras españolas, a prol dunha lingua galega normalizada e adulta, contra a pillaxe de Irak.

(A fame, o horror, o horror, que repetía Kurtz sobre o corazón da escuridade.

O poema habita aí, ese baleiro ontolóxico, abandonado á gándara como a ringleira interminable de telescopios que abren a súa pupila. Sobrevive milagrosamente entre millóns de radiogramas, conversas absurdas de onda curta, perversións infinitas da linguaxe. As palabras do poema elixiron quedar en pé durante a noite, búscanse a boca antes de nacer o sentido.

E a pesar de que hai centos de anos que ao poeta lle deu por asinar versos, o poema alanca con naturalidade por riba de cada nome. Así neste Xuro que nunca volverei pasar fame, páxina por páxina, como se os nomes non fosen o sinal dunha autoría, senón o calco seco doutra pedra que cae no amilladoiro. Poderíamos ler o libro sen nomes, igual que cambiamos as canles da televisión sen voz e as imaxes van iluminando a nosa cara, debilmente, e reparámos, na viaxe nocturna, en que a verdade deste tempo escuro é a sucesión de todas elas.

A interrupción, a ferruxe, a caruma e a seda, a aíra mítica, o horror, o mar, a fala confiada do poder. Estade certos de que a obra que levades con vós está feita de corpos e anda ás crebas desa verdade).

XABIER CORDAL

Alberto Moman

e nesta última copa
consagramos a palabra

o camiño iniciado por esta divindade
sangue e sentimento
que non sexa separada
polo corpo e a historia

Antón Dobao

Non volveremos pasar frío.
Así teñamos que queimar as pelicas de cristal de plasma
coas que nos fomos enganando estes invernos.
Amorearemos no baúl dos restroballos
a calor de gas propano,
artificio,
e saíremos a quentar as mans en fogueiras de auga salgada
pé dunha muradella infranqueable de paixón.
Non volveremos pasar medo.
Así teñamos que nos desfacer dos coches, das casas
e dos televisores, borralo todo.
Cada posesión será fundida, a masa
nutricia esculpirá figuras fundacionais
do noso pensamento activo
reapropiado.
Non volveremos pasar fame.
Así teñamos que borrar esa palabra dos nosos silabarios
enmarcala en cemento nas paredes novas
con que levantemos na aldea e na cidade
o edificio ó que entre o sol,
a chuva, a nube,
como o breixo prende en terra queimada.
Achanzaremos as fábricas, as urbanizacións,
as palabras vendidas a cambio de alimento transxénico,
as cámaras de vídeo e as fotografías.
Desenvolveremos mans sen tacto
para extirpar as subelas
que nos hilvanan ás mesas e ás cadeiras,
os nomes fornecidos
desde as soleiras dun banco de depósitos
onde nos conservan o futuro a prazo fixo.
Perderemos á mantenta
a indivisible vida de individuos
sen rostro,
ninguén.
E tamén os garfos,
e o plástico,
e as hipotecas
contra as nosas factorías de soños e vixilias,
e tamén os xardíns
e os microondas
de requentar sen fin o almorzo.
Tirarémo todo.
Nosoutros.
Pero nunca máis volveremos pasar fame.

Anxo Angueira

Taller, pasos perdidos, azul Celeste Bóveda.
Racataprán. ¡Un alto!, berrounos Castromao,
e a procesión de mortos detense ó pé do Altísimo.

Racha o aire unha fisga, francada lostregante,
rebe de medo ó rito a sagra arquitectura.
Tranquilos, non foi nada. Tomemos acomodo.

Año preto de ladra, cabuxa pecadenta,
año ó forno, pascual, quero o óso das chucas.
Milady, per piacere, non zurrache na mesa

o sangue dos miolos. ¿Estalle bon? Pois chuche,
chuche e deixe pró bardo a bala arregañada.
¡Bang! ¡Bang! Me non se afoute: son versos de fogueo.

Cairos, poder e gloria, tamén ó pé do Altísimo.
¡Racataprán! Benvinda, Suevia de operativos,
Triángulo Garibaldi, Pensamento e Acción,

Loxia Curros, Pondal, e Loxia Rosalía,
compás, escuadro, estrela, tres luces en triadas
que enchantamos na Cruña coma un cervo na torre.

A Brigantina intrépida de Gran Loxia Galaica
contra Oriente de España e a corna tubular
de Aimirgin emerxendo dos toros de Murguía.

Ouzo: Orzán, Orzán, que os penascales mordes.
Arrota, mar da Cruña, arrota ó pé do Altísimo,
tríncha co teu tridente nas literatas feas.

—Milady, ¡outra vez!. Racataprán. Avante.
Velaí vén o Futuro —sí— Estado Galaico
—o sol de Italia antano alumea simbólicos—

de Casares Calvino e Manín Moreno Barcia
enourizando o pútrido salón da Monarquía,
abatendo as columnas. ¡Racataprán!, oíde:

mandís esfarrapados, bandeiras neboentas,
murchas estrelas náufragas e unha rosa aberrante.
Na fouce do avó porémo-lo martelo,

petán, ¡racataprán! Ei-lo ofertorio impío
aquí, ó pé do Altísimo, Altísimo poeta
Curros Enríquez lóstrego negro na testa nosa.

Céibanos lúa a túa inmensa gargallada.
A compañía de mortos na gándara areosa,
o Sorga helicoidal..., a loita continúa.

.....
O poema está dedicado a Curros Enríquez

Iago Castro

é da chuva que follas molladas son
neste serán de non sermos
aqueles soños grandes —inmensos—
de ríos de leite

a grande mazá caeulle enriba
—tiranía de soles e lúas dende aquela—
coma un mundo, coma un deus,
totalitaria.

só queda un relembro amarelo coma de fume,
e a cada segundo que morremos
aparecen máis ollos de vaca,
tristísimos ollos de vaca coma todos nós,
preguntando por qué deixamos morre-la inquedanza.

Chus Pato

é o Nilo e é Cleopatra (Elisabeth Taylor) e é sublime, pero as palmeiras, a pequena doca de madeira, están rodeadas de amieiros, pálidos como meniños mortos e de carballos. Pero é o Nilo e unha imaxina as cheas e os limos tan fértiles e o comezo da escrita e os cultivos. Quizais eles estean tamén fartos dos oasis. E unha imaxina os templos. Pero o río é un río que baixa a cachón; un dos ríos dunha nación afastada, tumultuosa

porque ese cisne non debera estar aí, na poza, rentes dun amago de dique e as grandes pedras. É cando algo non debería estar aí pero aparece, como na Grecia arcaica un deus. Como perlas na boca (non os teus dentes, perlas). Perlas, na boca

coral nos labios; tes que velo, un abano de coral, celosías nos labios

de calquera xeito os seus labios eran magníficos
e diríase que tiñan coral
(ata arrincarlles o sangue)

Carme Carballo

Vento e fame mesturadas
coa chama do amor sempre prendida;
coas bágoas da noite escura
e cos berros daquel sol.
Fame e vento sen fronteiras
que imploran ó deus dalgún ceo
xordo, cego e asasino,
que vai fiando as miserias...
Para eles é o vento,
para nós a fame.
Para eles é o ceo;
para nós, as miserias.
E tamén a vinganza.
A miña tamén.
Tamén a miña.
Vento e fame coas bágoas
da noite sen fronteiras
sen o deus cego e asasino
das Miserias.
As miñas Miserias.
E a vinganza.
A miña tamén.
Tamén a miña.
E vai con forma de fame
polo ceo, xordo e cego,
que xa implora o meu vento
prendido pola fame.
E as Miserias.
As miñas tamén.
Tamén as miñas.

Xabier Castro

Cando o ceo acouga polo gran astro
eu soño.
Cando as luces do val somellanse ás estrelas
eu durmo.
Cando a lúa, solemne, preside a noite noiteira
eu esperto.
Mais cando o gris firmamento traenos a noite pecha
eu morro.

¡Cando eu sexa soterrado ao son dunha gaita galega!
¡Cando se achegue meu cadaleito ao ardor da nosa terra!
¡Cando se escoite no camposanto a lingua dos meus antergos!
¡E cando se xunten alí as vontades de traballa-los nosos predios!
¡¡Galiza... esperta!!

.....
O poema titúlase *Cando o ceo axouga*.

Asun Arias

Cheira a bula de vaca polas rúas medievais dun pobo neolítico.
Primeiro asentamento da humanidade no outeiro da serra de
Roblido.

Un vaqueiro coa guillada na mao e o walkman nas orellas
trae as vacas do lameiro
cara a corte.

Ninguen ousa rachar o silencio...
Os cans, de ollada cara dentro,
nen se molestan en ladrar.

Perdidas, no remorso,
as ruínas dun soño
de orixens dislocadas.

O retorno cara Illa de SOUTOS
preñado de saudades:
polas Europas,
polas Americas,
polo planeta...

EL.- "Somentes tiña ganas de vir, non vía o día de atoparme coas
vacas e facer a seitura da herba".

ELA.- "Aquí énchome de enerxía. É outra cousa"

ELES/AS.- "Isto non é vida; quedamos catro vellos. Agora porque
é verán e veñen os que estan fora. No inverno isto é moi triste, non
se vei xente polos camiños. Vanse todos pras cidades. E nós xá
somos vellos e doentes pra seguir traballando as terras. Quedara
todo a monte".

"URBI ET ORBI"
CIVITAS CIVITATES

O 'Peligros' fai carreiros coa moto de cros.
"Un ben pra que a natureza non leve ao esquecemento o fio
de ARIADNA".

Ruralidade postmodernista,
onde os Tres Frades contemplan
na súa quietude A CABEZA.

MELISA:
iniciada nos misterios de Demeter,
inza a horta de prantas menciñeiras.

A MEL da montaña.

A PENA DA FRAGA
olla o fluir do río Sil.

E..., na PENA DA AUGA,
sen auga,
leito de amores prohibidos
nas estrelecidas noites de verán.

EL, o vaqueiro tecno-pop,
coma Ulises
volta cara a aldea;
non hai Penélope,
cecais Calipso ¿?.

EI, un pastor, entre as luces de neón e os cartaces dixitais da
metrópole ten stres de saudade.

ELA, a urbe, empaquetada no cassette,
apegouselle aos sentidos e vai co pastor reciclado da
postmodernidade.

A TERRA cala
enche de silencios as palabras e inza de árbores
A VIDA
nun souto milenario
que coroa o derradeiro recuncho
dunha natureza culturizada.

O ar preñado de bolboretas, pintase de cores,
nun lusco fusco de verán finisecular.

SOA O MOTOR ABOUXADOR
DO TRACTOR DUN LABREGO.

.....
O poema titúlase 'O vaqueiro da modernidade'. Está dedicado a 'David'.

Xavier Cordal

Van botando os fardos dentro do camiión,
camban o corpo cara atrás, estiran os brazos,
aproveitan o pulo e largan a bolsa dentro sen mirala,
como se fose un pelello, casa por casa,
sen esquecer os alcumes e as soleiras,
cégalles o sol, o horizonte vencido e a morriña linda
canta habaneras nos bares, dóese e bebe,
acompañia algúns coches ás casas de putas,
está como dios, en todo, e ao voltaren da marea
a tradición familiar espreme limón na chaga
para curar o catarro, a ira adormece
e a chama do misto aprende danzas antigas
baixo a culler; entón pechan o brazo,
empalidecen para non seguir os pasos do sangue
e un camiño de luces, de sereas, abáteos contra a barra.
Elas adoran a tensión do mar, a vea azul,
agardan os seus desposos
coa mesma paciencia con que súa nai engalanou
o corpo frío do home que marchara. É doado
cumprir sen présa, cando apagan a música
e beben só, no local vacío, o fin da navegación:
déitanse na traseira do coche, compoñen
o seu propio álbum, un fillo, algo
que lles permita ir poñendo en caixas,
sobre o alto dos armarios, as fotos
en branco e negro.

Darío Xohán Cabana

Que habemos de facer, camarada, no visgo destes días
en que parece inútil levantarse ante o vento
e ante o lume das cousas de incansable dureza,
que habemos de facer ante o muro imbatible do tempo
que ante nós se levanta cada vez máis inmóbil
e non flúe e persiste sempre igual a si mesmo.

Nós tiñamos outrora outros ollos cravados,
camarada, outros ollos alertas que ben vían brillar
movementos continuos nos reflexos cambiantes das cousas,
e alteirosos coidados florecían nas tempas
onde agora florecen experiencias cañudas que veñen
impoñernos saberes non buscados e incertos.

Costa abaixo corrían, camarada, os camiños do tempo,
costa abaixo pró cume que soñaban as vontades alegres
coma o lodo paxaro que é chamado oriolo e non canta hai xa moito
na vaganta espaciosa que ante nós se estendía
e era a patria soñada socialista e florida de rosas vermellas,
e un dourado oriolo revoaba e cantaba entre as árbores.

Fume gris oufegante recubriu toda a patria,
e o verdor dos carballos, camarada, e o cantar dos paxaros
nebra son e barruzo e oquedade e silencio,
porque é o tempo esmagado do despertar daquel soño
que nos puña ante os ollos que eran outros a espada de lume
por mans fortes brandida que eran moitas e ousadas.

Eran débiles mans, camarada, e eran poucas e tímidas,
incapaces de golpe e proeza esas mans entre as que eran as no-
sas
impacientes gadoupas sen dureza e sen nervio,
porque un tempo de inmóbil estancia xa estaba chegando
pra ser dono da patria e apreixar o seu curso
nos cativos remansos onde o lodo repocha.

Mais se as mans fraquexaban e eran febles e poucas,
hai espada de lume, camarada, hai espada, e non cesa
de pender a súa punta sobre a testa da besta,
e é o seu puño empuñado por memoria e vontade invencible,
por desexo invencible e frustrado a cotío
e a cotío vencido e invencible e nacente e fogoso.

Soña cabo de min, camarada, contraponte ó silencio das cousas,
presta ouvidos ó lonxe rumor do oriolo no monte,
soña a espada da patria temperada en batallas de outrora
que xamais concluíron en vitoria ou derrota,
soña cabo de min a batalla perpetua e o berro
do soberbo oriolo entre as árbores verdes da patria.

Pilar Beiro

Saber bailar é tan bonito. Aparcémonos nun reality show , canda
outros fenómenos. Pero ésta non é a primeira vez que se apodera
de nos a febre. Porque eche o que ten a tradición
toda esta alegría.

Houbo lamentos que se poideron escoitar en Harlem
e as vellas cubríronse con peidos de raposo
por seren mal faladas
aló enriba entre os loureiros
para afumar os chourizos.

Claudio Pato

Aínda o azul dos interiores dixitalizados das máquinas-falantes,a-
quí onde se pon a salvo a nosa disposición para coas realidade
do mundo.

A CIDADE:

Sobre do xofre que convi(n-d)amos á maneira de caixas repletas
de praias.

¿Logo, non era comercio o trato cos clásicos?
¿Unha indefinida disipación, unha indefinida semiose?

PERDÏN:

¿é esta unha das estacións do politicamente correcto?

¿Unha cidade-caos liberada?

¿Unha imposibilidade de nosoutros/as marchar de nós,
aínda nas conformacións políticas máis avezadas para unha nova
economía
capitalista das
mercadorías-cyber?

Sentir así, definitivamente, A CABEZA como unha forma de implo-
sión na de-codificación dos libros de poemas anteriores á estancia
en New York.

BOUM!!!

.....
Unha multitude libre procura cultivar a vida.
Spinoza.

O poema está dedicado a Inés

Isaac Xubín

I

Irlanda
non é moito máis grande ca Tambo.
Pero seguro que te perdes
se non coñeces os nomes das congostras
os nomes dos donos das leiras
ou o berce onde nacen os ríos.

Por eso eu miro debaixo das laxes,
na memoria de pedra,
buscando os antigos nomes
testemuño da nosa vella Liberdade.

II

Aquela noite de setembro eu andaba pola rúa
á procura das palabras precisas para cantar Danny Boy.
Atopeite na Coruña e ofrecíchesme unha cunca de whiskey fres-
quiño
que recién traías da fonte de Santa Margarida nunha sella de car-
ballo
onde aboiaba o luar.

Eu dixen que ía camiño de Bens a por petróleo
pero axiña soubeches que eu precisaba
as palabras que penduraban das abas dos teus labios.

Pensei en agatuñar polos teus peitos para recollelas
pero limiteime a beber en silencio
e agardar que caesen de maduras.

III

O home número nove
leva unha víscera oval
de coiro
chea de aire
baixo o brazo.
Os oito bois dos Mareantes soben Lansdown Road
arrastrando unha rede branca e negra
chea de salmóns.

O home número nove
conduce un carro de catro xugadas
pola Costa dos Mendiños.

IV

flota amarrada lingua tolleita danza de espadas
atopo palabras que non deberían estar polo chan.
proxectil pólvora percutor
se eu tivese un remo e un compañeiro
remaría o camiño de volta á Liberdade.

De Lorbé á Liberdade.

V

Ensarillada entre as miñas raíces
e a miña gaita
atopei a partitura de Danny Boy.

Dende Perillo vexo ben a realidade
Irlanda
semella moito máis grande
ca Tambo.

É tempo de esquerer
os lugares da imaxinación,
desterrar o teu cuspe do meu sangue,
e apañar do chan a froita madura.

e VI

Pero Irlanda
non é moito máis grande ca Xubín.
A costa do Sucado lévame á Rabadeira
camiño de Lorbé,
camiño de Lansdown Road
e a Liberdade.

Luz Fandiño

Eu podería ser
unha pinga
de orballo
locindo vaidosa
na corola dun nenúfar,
dun lirio,
dun xasmín..
ata ser absorbida.
Eu podería ser
unha solitria
desprendida area
que no ollo dun
cacique tórmase
ferinte e molesta.
Eu prefiro ser
parte da forza
do caudal que limpe
tanta esterqueira.
Eu prefiro ser
parte da grande louse
que enterre
para sempre
ó fascio imperialismo
que coa súa
gadoupa inmunda
corrompe e asfixia

X.L. Méndez Ferrín

1

Era aquel
o círculo final ou ben o bosco
de Brocelianda

Detívose Amadís

Tras da fontana do reiseñor e a porta de mirto
que dá paso ás redes escarlata
estaban os sete lagos de fogo o sofá dos domingos as luces
que nos camiños contemplan
meníños mortos de ollos abertos cravados
nas salas do pazo
unha moeda de cobre sen anverso limoadas os medos
de Oriana no cemiterio perigoso algún libro de matemáticas subli-
mes
e camiños
que por sempre nos han traer ao mesmo sitio

Unha vez sobrepasado todo isto
Amadís foise achegando ao pé de si

No labirinto

Locía por entón as luz sonora
que pode caer do ceo

2

E Amadís contemplou
como Nai Arnoia enchía e devalaba ao compás dos seus cuspes
do reloxo de carne de Argallmuz e as augas
de aquel río
—al cor mi veem ondas—
viñanlle ao corazón en estronico
e fareixas cataratas e agurgullos
nos que o Arco-das-Vellas se pintase simulando o viso
de Lola Espello Escuro

“Tal vez sexa esta
a miña postreira aventura”—meditou para si
o noso heroi.
¡Era que Amadís de Gaula
íaa vello!

4

O labirinto bradaba con moxenazos
infernais no interior de cada un dos globos
dos seus ollos
As palabras de metal
de outrora
estoupaban coma pompas de xabón no ar
ao sairen da boca
achaiaada coma a da lamprea
do cabaleiro

5

Ía o Arnoia

río morto
polo escusado corgo morto que conduce
con bruar coma de arráns mortas
aos territorios do Mundo do Rivés
onde estaba escrito que Amadís fose coroado
Emperador dos Loucos
Nembargante

o castelo xirou sobre os seus eixos
de ouro e de alcatrán
e as Doncelas Descoñecidas
racharon os veos de carne e de tristura

6

Todos
A serpe con asas que vai cantar a súa cántiga
orelas do Xordán
a donicela e o seu aire mau
a coruxa que é un pano branco no alto
corredor das ameas
as fitas negras de lazar a verga
do aforcado
e a raíz da mandrágora que florece en Antioquía
no fondo do lago
Viñeran alí
todos

7

Mentres tanto Amadís
depositaba con espanto
e noxo
a vista propia nas augas sen fin e sen comezo
e deixábase ir e deixábase ir e deixábase ir e deixábase ir

.....
O poema titúlase *Morte de Amadís*.

Francisco Domínguez

Direi que o poema
non só é o ser cego
que toco na pedra:
o leve tremor da pedra esculpida..
Direi que o poema
é o ser un na pedra.
E mesmo a beleza
solemne e antiga
da columna grega.

.....
O título é *O Poema*

Ramón Lorenzo

A 31.000 pés de altura
aló no espacio,
nunha profunda inmensidade.
A 9.000 metros neve,
xeo, montes calvos,
ríos de auga e neve
conxelados,
montes,
curvas inmensas,
unha pantasma branca que se estira e permanece inmóbil
un polbo de xigantescos brazos
abraiado,
curvas, reviraganchos xélicos
aló embaixo,
lonxe,
coma un deserto de pedras enchoupadas
na brancura indeleble do infinito.
De repente outro monstro conxelado,
éses de auga
na claridade dos glaciares,
un monte que destaca,
neve,
unha estratigrafía de contornos sen modelo,
caos no orde.
De súpeto un mar inmenso
e outra vez montañas e glaciares.

Qué sensación de impotencia.
Qué pouca cousa é un nesta desolación marabillosa.

Óscar Antón

I

Esta noite veño de ver morto a un home
dentro do seu corpo tolleito.
E finaron-no esoutros
que hai ben tempo que coñezo.
Na sua mao aberta e na sua voz rasposa
as verdades amenceron vésporas
para cabuxo da humanidade.
Quen, entón, quen naceu home
para xulgar aos espíritos
nados libres na amencida
e ninguén se atreve a ollar?

...Daquela el vive

(El vive)

II

Rubindo nos degraus da consciéncia
afronto cada mañá a ditadura dos reloxos;
Pinga nos remorsos alcatranados de min
unha troboada de altofalantes
que falan e falan,
trazando eternamente a mesma ladaíña
na que camiño.
Consumido na inmovilidade
o devorador de almas unha vez mais
abre sanguíñolentas fauces e non me agadoupa.

Pronto ou tarde,
mentres soño con sobrevoar a cinsa
unha faísca oportuna
aluma a mecha do explosivo que comigo escachiza
cen cabalos ou os cincuenta escravos
que os conducen.

III

Eu fun
a erva e as nuves
o monólogo do loureiro outonizo
no buraco onde aniñan pardais
eu fun corpo.

Eu son
o rechouchio do noitarego
e o lamento extinguido do día
a follá que arraña o pelexo do vento;
eu son o membro que creba,
a dor enferma que corroi a raiola da lua
e tamén serpe na liña dos infernos.
Eu son unha sombra.

Eu serei o sorriso das moitedumes
a derradeira pingota das mañás
a escuma epiléptica da arroutada
e o cancro supurante
do espírito de home.
Eu serei sucedáneo de sofrimento
e cando o meu propio soño
serei vacío no ollo das montañas.

(Eu fun)

IV

Eu, o maldito
Nesta noite que tinguíu de anseios.
A coita ardente da obscuridade.

Xoaquín Silva

Antía é un barquiño
loiro de tres anos.
Sube e baixa das ondas co seu corpo
de violonchelo pequecho,
mira pra o mar azul coma un mar mira outro,
ergue as cellas da proa
dourada cara as nubes
como se soubera o que falan,
fende a quilla pequena
na grande soedade do mar
coma que abre os ollos cando chega o sol.
Antía é un barquiño loiro
de tres anos,
contempla o mar enteiro estrelecida
coma se o navegara nun instante,
e o mar mira pra o barco Antía
igual que aquela vez que me miraches
como dicindo lévame contigo.

Pero ás veces Antía
zozobra coma un príncipe ferido
no deserto nocturno;
Antía escurece embaixo
das ondas invisíbeis,
chórannlle os ollos dentro do velame
e as augas lle deitan no colo
semellantes a peixes mortos,
e a luz do sol anda coma unha serpe
delgada a procurar as bágoas
de Antía polo mar diante,
o vento non aniña nas fazulas
do barco Antía, pero acariñalle no pelo
igual que as abellas da auga
cando paran tremendo
nas espigas dos vellos.
Zozobra igual ca un príncipe
ferido no deserto
nocturno, zozobra coma o corazón
de Rafael Alberti zozobrava
cando a boca do Paraná
lavaba o aire con azares
e susurraba o mar de Cádiz
nos caracóis das laranxeiras.

Navega, miña nena de ouro,
navega, meniña de prata.
Cantan os teus soños na auga
igual que canta a luz no gume dos coitelos;
mira como rín a cabalo
da triple lúa dos arroaces,
e o mar afoga dentro
do seu pulso sinistro
todas esas mentiras que che botan
polá saia pequena de madeira
coma se foran flores,
e o cuspe das ondas apaña
os niños da túa rabia
cando van do teu mastro
abaixo semellantes a mazáns de ferro
e esparéxeos por todo o mundo

igual que semente de primavera,
igual que se fora o mundo
enteiro o can de garda da túa rabia.
Navega, miña nena de ouro;
veñen, falando, o sal e o sol
destramente deitaren nos teus beizos
coma nunha rosa pequena,
andán mirándose nas ondas
do teu Mar de Maya os cabelos
de Alberti e mailas nubes
do ceo e o rumor cristalino
das estrelas, noso riso vermello
afia nas rodas do vento
que corre a carón de ti,
deita o corpo entusiasta
de sangue no leite azul
do teu calado, desenvólvese
coma un cardume, unha bandeira,
un bo feixe de cicatrices
no lombo ilimitado do teu can.

Manuel Vidal Villaverde

Le vent se leve! Il faut tenter de vivre!
Paul Valéry

Fleur du mal en Baudelaire e neste evocativo día dos mortos
Flores para Rimbaud e para Paul Valéry, rosas que gromaron
Na noite do xardín e viron soerguer ollos da mañá ferida
Tan só un intre para morrer en Ronsard, no regazo estremecido
Da nai que anaina o ar. Flores coma un violín en Montmartre
E Paul Verlaine. Lirios e dalías neste novembro de ausencia
E devezo. ¿Para que deixarse caer no inútil da melancolía?
¿Para que preguntar en que noite dorme a ardencia de Medea?
¿Para quen na tarde estes lirios furtados á chuvia?
Caraveis para os distintos niveis de ocupación, xasmíns
Para os ósos que acaso deturpou o delirio da historia
¿A quen pertencen estes corpos? ¿Qué pube percorren os des-
carnados
dedos? ¿Qué poema debullaron dos nelumbos e dos nenúfares?
¿Qué camiños á sombra dos pés feridos? ¿De que boca a pala-
bra?
Touza, devesa, uz, río, pomba, árbores, luz, pensamento
Probemos co ADN para sabermos a morfoloxía dos vocábulos
Escribamos paraíso perdido, soletreo azul, horizonte
Estación, avesio, saxátil, buque, revesa, tempo, oráculo
Distancia, ir e vir da vaga, tempo salobre mar do soño
No caderno de bitácora xacen as últimas incidencias
Bandadas de arroaces na feble liña que anuncia estribor
O riso no recto comesto dos afogados xustapostos
Na canción que vai para alá do chanzo do castelo de popa
Soterrar outra volta á morte, o enigma dos anónimos
Levar sempreviva e un recendo de loureiro verde.

.....
O poema titúlase *Novembro nesa flor*.

Periodistas en guerra

A guerra de Iraq, que medio mundo viu como de liberación e o outro medio como de ocupación, deixou ó aire, de novo, as miserias duna sociedade que iniciou o terceiro milenio desorientada, perdida. Coas Torres Xemelgas, naquel 11-S derrubouse o sistema de valores sobre o que se sostíña o edificio diso que chamamos orde internacional. E quedamos sen bruxola.

De súpeto, a guerra dos vinteún días pon ó descuberto unha sociedade crispada, chea de furia _o fenómeno non é só galego, non é só español_; unha sociedade sen matices, na que parece que hai bos e hai malos; e no medio, un baleiro cósmico. Nese escenario líbrase outra guerra made in Spain _este si é un fenómeno que explotamos en réxime de exclusividade_ entre imperios mediáticos e entre as tribus que acampan no territorio comanche da información.


Baixo o sangue derramado polos periodistas de guerra _morreron catorce en Iraq_ agóchase unha realidade que inquiete: a dos periodistas en guerra. Somos espello da sociedade e reflectimos os seus vicios e as súas virtudes. Nós tamén utilizamos mísiles. Non son tomahawks, nin scuds, pero matan. As nosas armas de destrución masiva chámanse hipocrísia, condicións laborais deplorables, defensa de intereses particulares e mesmo persoais.

Cando un xornalista se converte en xuíz e parte, deixa de ser xornalista. Cando un xornalista non respecta a presunción de inocencia, deixa de ser persoa. Cando un grupo mediático envía a un camarógrafo a cubrir unha guerra cun seguro miseroento de trinta mil euros e cun contrato-lixo, perde a súa credibilidade. E, por suposto, a súa dignidade.

O espectáculo dos druidas mediáticos ballando en líos de sangue, lanzándose mortos e culpas entre eles e ó presidente do Goberno español, produce arrepíos.

Non son estas, non, as guerras nas que nos debemos involucrar os periodistas. Non son estas, non, as guerras das que unha profesión sea máis forte, máis de todos. Non convirtamos en inútiles as mortes de dous británicos, un iraniano, dous estadounidenses, un kurdo, un alemán, un xordano, un ucranio, dous arxentinos, un australiano e dous españois. Precisamos máis que nunca periodismo de combate que axude a que a sociedade recupere os camiños da ética e da liberdade. Sea máis sangue. Sea máis balles sobre as tumbas de compañeiros.

Caetano Díaz



Ser periodista hoxe



Suplemento da Ó Correo Galego que aparece os xoves.
Coordinación: A.R. Lopez e Soledade Noia. Desenho: Anton Lopo.
Ilustracións: fotografías, Chico Miras.
Maquetación: Carole Botas.
E-mail: RdL@correoagalego.es



O cámara Xosé Couso, asasinado en Iraq

Son catorce os periodistas que, de momento, morreron durante a guerra de Iraq, unha das máis mortíferas para a profesión. Entre os falecidos, figura o cámara galego Xosé Couso, unha morte que a maioría dos seus compañeiros de profesión non dubida en cualificar de “asasinato” polas condicións en que acaeceu. Julio Anguita Parrado foi o segundo español morto nesta contenda. Estas dúas vítimas abriron en España un vivo debate sobre a profesión dos periodistas, unha das máis ameazadas do mundo: o pasado ano foron 54 os xornalistas asasinados, unha circunstancia trágica que se une ás continuas

Os mensaxeiros



Julio Anguita Parrado e Mercedes Gallego dispóñense a seren rexistrados

violacións e limitacións á liberdade de prensa en 176 países, en moitos casos debido á loita contra o terrorismo. En todo o planeta, os gobernos usaron a guerra contra o terrorismo para xustificar os seus propios intereses a curto prazo e aprobar unha serie de leis restrictivas dirixidas a reducir o fluxo de información de circulación libre, provocando unha dinámica que propiciou o arresto de numerosos periodistas, a clausura de infraestruturas de prensa e represión dos disidentes. **REVISTA DAS IETRAS** dedícalle este monográfico á profesión do periodismo e en homenaxe ós compañeiros falecidos na guerra iraquiana. O presidente do Colexio de Periodistas de Galicia, Xosé María Palmeiro, aporta o artigo de fondo dun suplemento que inclúe, ademais, unha enquisa entre algúns dos profesionais do país e un completo informe sobre as vicisitudes da profesión en todo o mundo. O material complétase cunha contraportada, realizada polo subdirector de O Correo Galego, Caetano Díaz.

Testemuños da realidade

t



O exército aliado rexista a un periodista durante a guerra de Iraq

REVISTA DAS LETRAS FALOU CON ALGÚNS DOS PROFESIONAIS DO PERIODISMO QUE TRABALLAN EN GALICIA, BOA PARTE DELES TAMÉN ESCRITORES, E PREGUNTOLLES QUÉ SIGNIFICA SER XORNALISTA HOXE OU POR QUÉ CREN QUE SON TANTOS OS PERIODISTAS ASASINADOS, PERSEGUIDOS E ENCARCERADOS. VÍCTOR F. FREIXANES, CARME VIDAL, ISABEL BUGALLAL, MIGUEL ANXO MURADO, SOL ELVIRA, CAMILO FRANCO, ANA ROMANÍ, JAUREGUIZAR, ANXO QUINTELA, XOSÉ MANUEL PEREIRO E MARÍA VAL SON OS PERIODISTAS CONSULTADOS. TODOS ELES COINCIDEN EN CONSIDERAR A SÚA PROFESIÓN UNHA DAS “MÁIS FERMOAS DO MUNDO” E EN CUALIFICAR OS XORNALISTAS COMO “MENSAXEIRO” QUE O PODER ASASINA PARA LOGRAR QUE NON HAXA MENSAXES DA VERDADE.

ciacións que defenden os dereitos deontolóxicos da profesión”.

O director do periódico virtual *Vieiros*, o poeta e xornalista **Anxo Quintela**, opina que ser xornalista hoxe en día é “aplicar a vontade, os medios e os recursos propios para contar o que pasa”. O xornalista debe servir “de mediador crible e honesto entre o que acontece e os lectores, pero esta mediación non debe ser cumprida con indiferencia: A honestidade do xornalista pasa por tomar partido polas vítimas, polos que non teñen voz ou polos que son silenciados”.

Para **María Val**, periodista de *La Voz de Galicia*, a profesión é actualmente o que foi sempre: “unha profesión nobre na que o periodista ten o deber de informar sobre o que está pasando, bo ou malo, nunha constante crítica co poder establecido e sen perder de vista nunca a gran responsabilidade de achegar unha análise o máis honesta posible ó lector”. A base do periodista “é a constante loita por manter un difícil equilibrio entre os intereses da empresa e os do público. A diferenza é que agora, a audiencia coñece máis e mellor a nosas miserias, e esas miserias son moitas”. **Xosé Manuel Pereiro**, delegado de TVE e de *El País* na Coruña, comparte con María Val a vivencia das constantes coas que naceu a profesión. Cambiou, apunta, no sentido de que “antes se daba por suposto que á xente lle interesaba o que contabas, e agora o importante é a capacidade mediática de que a xente trague co que lle contas”.

Nesa mesma liña, **Sol Elvira**, coordinadora da sección de Economía de *El Correo Gallego*, opina que os parámetros da profesión non variaron: “Contar cómo son as cousas e loitar pola liberdade de expresión, algo que non é aínda unha realidade”.

Respecto do elevado índice de periodistas que son asasinados, perseguidos e encarcerados por cumprir o seu traballo, o concepto máis socorrido polos periodistas galegos consultados é o de “matar o mensaxeiro”, a “forma máis práctica de que non haxa ningunha mensaxe” (**Jaureguizar**). Igual referencia toma **Isabel Bugallal**, que cualifica o periodista de “testemuño incómodo” que se lle escapa ó poder entre as fisoas da liberdade, porque “o poder quere controlar a información e contarnos contos de fadas: a verdade, a estas alturas, xa non lle interesa a ningún”. “Control” é tamén a palabra que utiliza **Ana Romaní** e “o que queda do concepto de información é, nestes momentos, perigoso e molesto”.

Camilo Franco, pola súa banda, relaciona o acoso ós periodistas coa súa importancia: “É unha profesión con moita transcendencia, pois o que pasa é o que se conta e a violencia que padecen os periodistas é a mesma que padece a sociedade”. **Camilo Franco** detecta, a máis da física, unha violencia máis estendida: “A violencia en sentido anímico”. **Freixanes** salienta tamén a duplicidade dos riscos “físicos e psíquicos” duns profesionais que defenden “os principios de autonomía e a información democrática”.

Para **Carme Vidal**, a situación de desprotección débese ó papel de “vixilantes que desempeñan os periodistas” e á teima en vendarlles os ollos para evitar a transmisión de “situacións atroces”. Comparte esta mesma opinión **Anxo Quintela** e engade á morte física no campo de batalla a “morte lenta” á que son sometidos os periodistas por parte das grandes empresas da comunicación, “implicadas tamén nas guerras e na deturpación do medio ambiente”. Empresas, engade, que “matan a partir da precarización do traballo ou da censura cada vez máis agobiante”.

“Os periodistas”, subliña **María Val**, “son a voz e os ollos do que ocorre no mundo e por iso son asasinados”. E centrándose no caso da guerra de Iraq, a súa visión é de que se enviou “unha avalancha de periodistas” e se recorreu a “xente con pouca experiencia ou, o que é peor, en moitos casos con moi poucos medios”. **Xosé Manuel Pereiro** subliña con ironía que se se matan os periodistas “é porque algo fixeron”: meter “os narices onde, segundo o poder, non deben meterse”. **Pereiro** está convencido de que “calquera gobernante en calquera país sente desexos diarios de estrangular algún periodista durante o almorzo... Se non o fai é porque nalgúns sitios, hai democracia. A esencia do periodismo é dar as malas noticias, contar o que non debería ter pasado... Cando ese non debería ter pasado ten autores con nomes propios é lóxico que se intenta cargar o mensaxeiro”. Facer maldades e querer que o mundo saiba quen as fixo, retranquea de novo, “ocorre só nas películas de James Bond... Na realidade, todos os malos queren aparecer como benefactores do seu pobo e, por certo, conségueo unha porcentaxe alta”. E se para **Murado** a morte dos periodistas se debe “en parte a cuestións prácticas ou circunstanciais e, en parte, ó perigo e á importancia da información, **Sol Elvira** é contundente: “Morren e son perseguidos porque a liberdade de expresión, como outras cousas no mundo, segue sen conseguirse. Seguimos igual: moita tecnoloxía, modernízase moito pero non logramos o que de verdade é necesario, humanizar o mundo”.



Mostras de protesta polo asasinato de Xosé Couso en Iraq

Morte, guerra e xornalismo

NA GUERRA MESMO CORREN RISCOS OS XORNALISTAS. NON SÓ NAS GUERRAS, AÍNDA QUE SEXAN PREVENTIVAS, E NON SÓ OS XORNALISTAS, PERO OS RISCOS SON TAN EVIDENTES QUE NO IRAQ CONTABILIZAMOS DOCE BAIXAS EN VINTEÚN DÍAS. **MENOS MAL QUE NON ERAN OS XORNALISTAS O INIMIGO A BATER** E QUE AS OPERACIÓNS MILITARES SE DERON POR REMATADAS, CATIVO E DESARMADO O EXÉRCITO DO DICTADOR SADDAM. É UN ALIVIO PORQUE PODEMOS POÑERLLE UN PUNTO E Á PARTE Á LISTA NA QUE FIGURAN JULIO ANGUITA PARRADO E XOSÉ COUSO

n

a guerra, mesmo se é preventiva, os riscos son grandes, sobre todo para a poboación, homes e mulleres, vellos e nenos, convertidos en estorbos que complican o deseño impecable e implacable dos estratexas. Eu escribo hoxe sen saber cuántas vítimas iraquís debemos sumar a eses doce xornalistas e sinto o mesmo desacougo diante de cada referencia luctuosa, próxima ou distante. É o desacougo que sentín á vista da pre-programada, e polo tanto irreversible, ameaza bélica preventiva agora transfigurada en mal menor, nomeadamente desde a perspectiva dos gañadores que tiñan todo que gañar entre tanto "efecto colateral". É mágoa que nos albores do terceiro milenio e no estado actual dos coñecementos, logo de non poucas terribles e dolorosas experiencias, o Grande Xendarme teña que facer ensaios xerais in vivo e con todo, botando man das bombas-acio e dos mísiles. Xa se ve que o unilateralismo realmente existente prefere a continuación da política polos "outros" medios.

E velaí os xornalistas. Testemuñas incómodas en calquera situación conflictiva. Imprescindibles para garantir á cidadanía o dereito á información, pero case sempre molestos e cargantes coas súas preguntas, requirimentos ou imaxes inoportunas. Ben sei que non falta quen xogue no equipo gañador, pero estou a referirme ós colegas que arriscan, preguntan, averiguan, contan e molestan. A colegas que ocupaban, un supoñer, o hotel Palestine en Bagdad e que resultaron vítimas dun "gravísimo erro", en palabras do noso ministro de Defensa.

Hai erros gravísimos, irreversibles e lamentables. Tanto que necesitan dalgunha explicación medianamente crible, máis aló do recordatorio inicial do Presidente do Goberno de España de que na guerra, xa se sabe, córrense riscos. Alguén tería que recordarlle ó noso primeiro ministro que non necesariamente debe envolver palabras e xestos en papel de lixa, sobre todo se polo medio hai tensións, dolor e morte. Mesmo se non houbera máis ca chapapote.

Polas explicacións e polo reconto xeral das vítimas seguimos agardando. Dobraron e dobran por todas, tamén por todos nós, as campás, pero as badaladas deben ser un chamamento á reflexión lúcida e solidaria sobre a necesidade de facermos o posible para evitar o recurso da guerra, esa brutalidade que provoca case exclusivamente vítimas civís. Tamén xornalistas.

É precaria a relación guerra-comunicación e non é de agora, pero resulta necesario recordar que cando, por exemplo desde o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, se chama a atención sobre a morte dos dous compañeiros citados, trátase de alertar da ameaza que o feito supón para o exercicio da información, para o acceso e o dereito á información. Hai algo máis ca unha vítima, coñecida ou non, cando un xornalista morre por causa dun "erro gravísimo". Ese crime de guerra anula algo máis ca un nome, algo máis ca doce nomes.

Certo é que outras ameazas penden sobre a información en liberdade en forma de precariedade laboral, limitacións, servidumes e pleitesías, pero é ésta unha reflexión no ronsel terrible da guerra e os seus riscos, tan invocados desde os salóns gubernamentais. Claro que hai riscos, e non só na guerra e non só para os xornalistas, pero tamén hai obriga política e moral dunha explicación que axude a entender, e permita evitar, a gravidade dos erros irreversibles que acabaron con doce proxectos de comunicación. Con doce apostas necesarias para a información libre. Para a vida en liberdade.

XOSÉ MARÍA PALMEIRO

CATORCE XORNALISTAS MORRERON XA NA GUERRA DE IRAQ, PROBABLEMENTE A MÁIS MORTÍFERA DAS QUE A PROFESIÓN DOS INFORMADORES CUBRIRON NOS ÚLTIMOS ANOS. EN 2002, O NÚMERO DE PERIODISTAS ASASINADOS OU MORTOS EN ACTO DE SERVICIO FOI DE 54, UNHA CIFRA SUPERIOR Á DO ANO ANTERIOR PERO INFERIOR –SEGUNDO AS PERSPECTIVAS– Á QUE ARROXARÁ ESTE ANO 2003. AS PERSECUCIÓNS E OS ENCARCERAMENTOS TAMÉN MEDRARON DE FORMA DRAMÁTICA DESQUE O 11-S FIXO SALTAR O RESORTE ASFIXIANTE DO CONTROL DA INFORMACIÓN

Apunten, disparen, fogo

U

n total de 54 xornalistas foron asasinados o pasado do 2002, ano en que houbo violacións e límites á liberdade de prensa en 176

países, segundo o informe anual do Instituto Internacional de Prensa (IPI) con sede en Viena. Ese ano, o primeiro completo transcorrido tralos atentados do 11 de setembro de 2001 en EEUU, a guerra contra o terrorismo que se derivou deles seguiu afectando á liberdade de prensa. "En todo o planeta, os Gobernos usaron a guerra (contra o terrorismo) para xustificar os seus propios intereses a curto prazo", afirma o IPI.

Aínda que "algunhas medidas adicionais de seguridade foron lexítimas, moitos países aprobaron leis restrictivas, reducindo o fluxo de información de circulación libre, arrestando a xornalistas, pechando infraestruturas de prensa e reprimindo os disidentes, e todo iso en nome da guerra contra o terrorismo".

Case cada país en Europa introduciu novas leis antiterrorismo tralos atentados en EEUU e varios "impediron o labor dos medios de prensa". En Rusia, onde oito xornalistas foron asasinados o ano pasado, un novo borrador de lei tenta regular un ataque terrorista.

En EEUU, a crecente vixilancia e os poderes reforzados para loitar contra o terrorismo fixeron que aumenten os medos por enriba do desexo de seguridade e de liberdade, mentres que no Canadá se sospeita que os propietarios de medios de prensa poderosos exercen un control editorial decisivo.

En Asia, rexión na que 13 xornalistas foron asasinados, os Gobernos de Indonesia e Filipinas propuxeron novas leis an-

terroristas. Tras se asegurar o apoio de EEUU no combate contra o terrorismo, Kazaxastán, Tadxiquistán, Turkmenistán e Usbekistán "reprimen á prensa con impunidade", mentres que "en Nepal, os terroristas e as forzas de seguridade apuntaron deliberadamente contra a prensa" en 2002.

No marco do conflito en Palestina e Israel, sete xornalistas foron asasinados en Oriente Medio e no norte de África, onde nos seus países "se sufoca por rutina a disidencia e a liberdade de expresión". En Irán, a guerra entre os conservadores e os reformistas levou ó peche a numerosas publicacións e a duras penas de prisión a xornalistas.

Xordania utilizou a guerra contra o terrorismo para cambiar as súas restrictivas leis penais, fronte a "Tunisia e Arabia Saudí que seguen sendo reticentes a afrouxar o seu puño sobre Internet". Enfrontada á fame e ás guerras, os problemas de África, onde dous xornalistas foron asasinados, van máis alá da guerra contra o terrorismo, pois os líderes dos seus países empobrecidos buscan novas vías para se manter no poder e os seus partidos políticos se resisten a cambiar ou a pasar á oposición.

Pese a que non foi asasinado ningún xornalista na rexión de Asia austral e Oceanía, "a influencia dos reis tradicionais e dos políticos locais está sempre presente" e "ós medios de prensa se lles impide sempre informar de forma crítica e mesmo son excluídos dalgúns territorios", se subliña no informe.

Colombia foi no ano 2002, xunto con Serra Leoa, o lugar máis perigoso do mundo para exercer o xornalismo. Colombia ocupa, ademais, o primeiro posto en número de xornalistas asasinados dos últimos dez anos e onde, a pesar de desfrutar de liberdade de prensa, non se exerce porque os informadores están en constante perigo de morte. Pero Colombia non é o único país de América Latina que ten que enfrontarse ás limitacións e prohibicións nos seus medios de comunicación, porque tamén México e Brasil sofren estes problemas. No caso de México, como en Colombia, a maior parte das mortes de xornalistas están relacionadas co narcotráfico, aínda que existen outro tipo de problemas que están presentes en maior número, como a censura, o asasinato, a intimidación e as agresións físicas. Durante o ano pasado rexistráronse en México 101 agresións a xornalistas. Actualmente, a maior parte dos incidentes contra os medios de comunicación en México trasládanse ós tribunais, polo que as demandas contra medios de comunicación e xornalistas aumentan cada día.

En Brasil rexistráronse desde 1991 nove asasinatos de xornalistas, que están relacionados con corrupción política e con narcotráfico. Das mortes destes xornalistas, o Goberno saínte de Brasil, con Cardozo á cabeza, non realizou investigacións, senón que se limitou a asumir os feitos sen máis.

Facendo un recuento de dez anos, a cifra de xornalistas asasinados entre 1992 e o ano 2002 é de 389. A maioría destes xornalistas mentres exercían o seu labor foron asasinados con impunidade. Do total de profesionais mortos, só 62 (un 16 por cento) perderon a vida por fogo cruzado durante a cobertura de conflitos armados, mentres que 298 (un 77 por cento) foron asasinados por causa das súas informacións. Os restantes 29 profesionais (un 7 por cento) perderon a vida mentres cubrían outros acontecementos conflictivos que non eran enfrontamentos bélicos. No 95 por cento dos asasinatos, os seus autores non afrontaron consecuencia algunha e só en 20 casos un individuo ou individuos foron detidos ou procesados.

Da última década, o ano 1994 foi o máis tráxico para a profesión, posto que morreron 66 informadores, principalmente en Alxeria, Ruanda e Bosnia, mentres que en 2002 a cifra se reduciu a 37 e deles nove perderon a vida mentres traballaban en Afganistán.

Ademais, 53 xornalistas sufriron ameazas antes de ser asasinados e en 25 casos foron secuestrados por grupos radicais, milicias ou forzas gobernamentais antes de acabar coa súa vi-



Tareq Ayub, o correspondente de Al-Jazeera asasinado en Bagdade



Aspecto de cómo quedou o hotel no que morreu Couso e o ucraníu Taras Prottyuk



Manifestación de periodistas libaneses pola morte de periodistas en Iraq

da de forma violenta. Entre os xornalistas mortos figuran 18 mulleres e 49 informadores radiofónicos, o que reflicte o risco que afrontan este tipo de profesionais, sobre todo en áreas rurais, onde o seu labor é moi visible nas comunidades onde informan. Esta circunstancia pode explicar que unha maioría dos 11 xornalistas radiofónicos asasinados en Colombia traballasen en zonas rurais, onde a violencia é endémica e as autoridades non logran facer cumprir a lei.

Dos informadores mortos, 50 traballaban como camarógrafos ou fotógrafos, e perderon a vida por lume cruzado nas guerras que cubrían. Pero noutros casos morreron por vinganza, como o fotógrafo arxentino José Luis Cabezas, cadáver do cal se achou en 1997 nun automóbil estacionado preto de Bos Aires, despois de tratar de fotografar a un empresario, suposto líder da mafia do seu país. No caso de xornalistas estadounidenses só perderon a vida durante a última década 14 profesionais desa nacionalidade.

En España, coa morte de Xulio Anguita Parrado e de Xosé Couso na guerra de Iraq, son xa oito os xornalistas españois que morreron desde o ano 1980 mentres exercían a súa profesión en zonas convulsionadas do mundo. Antes deles dous, o último xornalista español falecido nun conflito bélico foi Xulio Fuentes, enviado especial do periódico *El Mundo* a Afganistán, que morreu tralo ataque que sufriu unha caravana de informadores cando se dirixía á capital afgana desde Jalalabad, o 19 de novembro do 2001. En total, foron catorce os xornalistas occidentais na guerra de Iraq. Os máis recentes son dous xornalistas arxentinos que morreron nun accidente de coche.

Entre os xornalistas españois que sufriron a violencia con resultado de morte mentres exercían a súa profesión en zonas de conflito, figuran alomenos os seguintes:

—O 22 de marzo de 1980, o sacerdote e xornalista español Luis Espinal é torturado e asasinado por paramilitares nun suburbio da Paz (Bolivia). O seu corpo foi localizado o día seguinte de ser secuestrado.

—O 22 de decembro de 1989, o fotógrafo español do diario *El País* Juan Antonio Rodríguez é abatido a tiros en Panamá por soldados norteamericanos.

—O 17 de maio de 1992, o fotógrafo catalán Jordi Pujol Puente, que cubría o conflito bélico na antiga Iugoslavia para o rotativo *Avui*, morre en Saraxevo, a capital de Bosnia-Herzegovina, ó estalar unha granada ó paso do vehículo que ocupaba.

—O 18 de xaneiro de 1997, Luis Valtueña, fotógrafo da Axencia Cover, é asasinado en Ruanda xunto a dous cooperantes españois por un grupo de guerrilleiros *interhamwe* (os que matan xuntos) cando traballaba como voluntario da ONG Médicos do Mundo.


—O 24 de maio de 2000, Miguel Gil Moreno, cámara de televisión que traballaba para a Axencia estadounidense Associated Press (AP) morre en Serra Leoa ó ser alcanzado polos disparos dos soldados rebeldes, cando saía do coche no que viaxaba para informar dos combates entre o Exército gobernamental e a guerrilla de Serra Leoa.

Con todo, o que máis preocupa é a censura instaurada tralo 11-S, causante dunha crise global da liberdade de prensa. No propio Estados Unidos, os atentados tiveron repercusións inesperadas para a prensa, que está ben protexida e afeita a funcionar con pouca interferencia do goberno. Nos meses que seguiron ós atentados terroristas en Nova York, Washington e Pensilvania, os medios de prensa tiveron que instar o goberno para que dese información sobre a guerra contra o terrorismo.

Pode ser *O Manifesto Comunista*, a historia do Islam ou un simple tratado de química. Calquera que nos Estados Unidos solicite un libro que as autoridades consideren medio raro nunha biblioteca pública ou privada, corre o risco de ter un axente do FBI tocando o timbre da súa casa. Gracias á Acta Patriótica, unha complexa lei aprobada despois da euforia dos atentados do 11 de setembro do 2001, o Goberno ten poderes absolutos para sa-



Os atentados do 11-S marcaron o inicio dunha crise global na liberdade de prensa



Serra Leoa é un dos países do mundo con máis periodistas asasinados



Colombia, número un no ránking da morte



Venezuela rexistra unha alarmante perda de liberdade de prensa

ber o que todo o mundo le. Actualmente a situación nese país volvéuse asfixiante e abrangue a toda a sociedade. Os bibliotecarios e as organizacións civís de Estados Unidos están alarmados, pois a sensación de que o goberno de George W. Bush está a acabar coa liberdade de expresión, o que inclúe a liberdade de se informar, non é chiste. Sen embargo, mentres os estadounidenses miran a guerra de Iraq por televisión, non hai debate público sobre o tema. E así, a xente segue concorrendo ás bibliotecas, sen saber que *O Grande Imán* pode estar a espiar.

Seis meses despois do ataque contra o World Trade Center e o Pentágono, o Congreso aprobou a Acta Patriótica, case sen oposición parlamentaria, co obxectivo de previr novas actividades terroristas nos Estados Unidos. Algunhas organizacións civís protestaron, pero moi poucas repararon entón nunha escura sección da lei, a cláusula 215, que lle dá poderes ó FBI para pedir a calquera biblioteca ou librería do país a lista dos libros que a xente solicita ou merca.

Un detalle: nin as bibliotecas nin os libeiros poden informar os seus clientes de que a Policía federal está a investigar os seus hábitos de lectura. Se o fan, poden ir presos.

Antes da aprobación desta lei, o FBI ou calquera organismo investigador necesitaba aprobación dun xuíz para obter rexistros de lectura. Ademais, debía enmarcar o pedido dentro dunha causa criminal. Por exemplo, o xuíz Kenn Starr, que investigou o escándalo do sex-gate que involucraba ó presidente Bill Clinton, armou unha barafunda nacional cando lle ordenou a unha librería do barrio de Dupont Circle, en Washington, que lle dese os títulos dos libros que mercara a ex bolseira da Casa Branca, Monica Lewinsky.

Pero agora o FBI pode realizar todo ese trámite en perfecto secreto, evitando un escándalo impresentable na opinión pública.

A Asociación de Bibliotecarios dos Estados Unidos, que ten 64 mil membros, aprobou recentemente unha resolución chamando a Acta Patriótica un "perigo ós dereitos constitucionais e ós dereitos de privacidade dos usuarios das bibliotecas".

A organización tamén lle solicitou ó Capitolio cambiar a lei, pero ata agora, só un congresista, Bernie Sanders, o único membro independente da Cámara de Representantes, se ocupou seriamente do asunto.

A biblioteca de Santa Cruz, California, é a entidade que tomou máis a peito as ameazas da Acta Patriótica, a pesar de que o FBI non lle solicitou –alomenos ata agora– a lista de libros dos seus lectores.

Todos os días, os seus empregados reparten a todos os seus usuarios volantes que din que esta lei "prohibe ós traballadores das bibliotecas informarlle a vostede se os axentes federais obtiveron as súas impresións dixitais. Calquera pregunta sobre esta política, debe dirixirse ó procurador xeral de Xustiza, John Ashcroft, Departamento de Xustiza, Washington, D.C., código postal 20530". A mesma biblioteca destrúe cotiamente todos os rexistros dos seus clientes, para que non lle poida entregar ó FBI ningunha información, en caso de que a solicite.

Outra biblioteca de Killington, Vermont, advirte os seus usuarios "Sentímolo moito. Debido a preocupacións de seguridade nacional, estamos en condicións de lle dicir que os seus hábitos de navegación de Internet, os seus passwords ou os contidos dos seus e-mail están a ser monitoreados polos axentes federais. Por favor, actúe apropiadamente".

O Goberno non parece demasiado consternado polas consecuencias que a lei pode traer á liberdade de expresión ou o dereito á privacidade.

Polo menos, isto é o que se desprende dunha carta enviada polo número dous do departamento de Xustiza, a un senador do estado de Vermont.

Quen merca ou toma prestados libros nunha biblioteca simplemente "asume riscos de que unha entidade lle poida dar a outra a información", dicía a misiva.

Valdeorras en palabras de Asun Arias

Asun Arias é de Fontel, en Valdeorras, un pobo asentado nas ladeiras da serra que vive do viño e da súa estratéxica posición a par do Sil, mirando sempre cara ó sol. Despois dun intenso labor na difusión do galego, enfróntase Asun Arias ó seu primeiro poemario, que titúlou "Muller de vidro", nunha formosísima edición que comparte co ilustrador Pablo Otero Pebas baixo o patrocinio dunha serie de institucións e empresas, entre as que figuran o Concello da Rúa e o Grupo Academia Postal. quen se achegue a este libro, que hoxe se presenta en Compostela, descubrirá unha das máis limpas e enxeñosas composicións gráficas que en Galicia se teñan feito coa poesía como eixo.

Asun Arias describe en "Muller de vidro" o seu controno cunha forza lírica que non desbota as aportacións rupturistas da forma pero que, sobre todo, busca o verso da palabra como protagonista, o verso enchido de uvas e de luz, de xeografías perfectamente recoñecibles e mulleres con nome propio, de recordos e augas mansas, pero tamén de flores, montañas, entroidos e dor física.

Poesía que vén da experiencia pero tamén do compromiso co pobo e coa súa alma, de compromiso co feito de ser muller e ter "oilar de leoa", de arrosto decidido contra a hipocrisía e a mala fe.

Lols Sandoval

RI

revista das letras 466



Libros

RI

Suplemento da Ó Correo Galego que aparece os xoves.
Coordinación: A.R. Lopez e Soledade Noia. Desano, Anton Lopo.
Ilustracións e fotografías: Chico Miras.
Maquetación: Carole Botana.
E-mail: Rdi@elcorreogallego.es

Álvaro das Casas



Personaxe singular, posiblemente atrabiliario, hiperactivo, mutable e afervorado nas crenzas e nas ideas debeu ser **Álvaro María Casas Blanco (1901-1950)**, aquel ourensán elitista con ascendencia nas terras cartellás de Sabucedo de Montes, parroquia na que, dende o seu pensamento, repousa para sempre. Denantes, na relativa brevidade dos seus días, foron moitas as singraduras navegadas –tanto ideolóxicas coma xeográficas– nun ir e vir constante por terras galegas, castelás e americanas, nunha ida e volta entre as ribeiras atlánticas e nos constantes matices ós que se someteu o seu idealismo, denantes de se deixar vencer por unha radical ruptura ideolóxica de explicación, cando menos, pouco doada.

a

lvaro das Casas, despois do trebón do ano 1936, que o levou a procurar morna raxeira alén do grande mar, ten sido esquecido na nosa terra, coma se del fose o único pecado do noso reducido universo, como se existisen transgresións imperdoables, coma se o seu sino vital fose barreira infranqueable para uns e maillos outros, porque contra uns e maillos outros, á marxe de calquera ortodoxia, pronunciou e pronunciouse con manifestos expresados en acedos escritos e acesos discursos orais, faceta esta que tan ben el dominaba. E non é xusto tal esquecemento. Non é xusto que a estas alturas dun tempo no que se furaron néboas pechas para alcanzar as actuais tenues luzadas, cando se teñen recuperado e ata venerado personalidades de ondulante traxectoria, Álvaro das Casas continúe no ostracismo. Con toda probabilidade, este ostracismo pode vir determinado por se ter virado o inqueda intelectual e activista –certo que de xeito pouco explicable– de arredista galego en contemporizador, cando non en exaltador, daquel réxime que o anulou como cidadán e o cesou da súa cátedra. Puido influir, tamén, o non ter sido modelo de disciplina naquel marco de agrupacións galeguistas nas que militou ou, como lle corresponde á súa condición de creador, o terse deixado levar dun individualismo personalista difícil de asumir para as xentes de combate. Velai, xa que logo, como os personalismos, os individualismos, as excesivas personalidades, á fin, que ben poder ser útiles e fructíferas nas angueiras creativas, poden, tamén, resultar inimigos letais nas actividades sociopolíticas. Se cadra, nestas circunstancias, podería explicarse a feble memoria do país en relación coa controvertida figura política e intelectual de Álvaro das Casas.

Entre outros contadísimos estudiosos, comeza a reparar inxustizas Luís Alonso Girgado, dende a editorial Follas Novas, coa colaboración de Dolores Arxón Álvarez, Xavier Castro Rodríguez e Xosé Agrelo Hermo. Por outros camiños, sitúase neste roteiro reparador a Fundación dos Premios da Crítica de Galicia que, o pasado día oito de marzo, convocou un acto no pazo dos Ulloa, en Esposende (Ribadavia), para conmemorar, con placa para ocasión incluída, a este singular persoero da magoadada historia de Galicia.

Do inmenso labor intelectual e cultural de Álvaro das Casas no seu trasterro americano, un labor en contraposto camiño de volta, non nos ocuparemos neste breve artigo, espacio tan cativo

que non permite nin unha significativa síntese bibliográfica. Tampouco nos ocuparemos en consideracións, nin tan sequera insinuadoras, sobre aquela tan interesante como breve etapa de primeira xuventude na que, xa titulado universitario ou anos previos á titulación, comungou coas ideas monárquicas, foi secretario político do conde de Vellellano, alcalde de Madrid, foi vicedeputado de Portugal, foi receptor privado dos fillos do Rei e, cando só contaba 21, foi encargado da cátedra de Lingua e Literatura portuguesas na Escola Superior de Policía, despois de retornar da guerra de Marrocos, á que acudiría como voluntario no ano 1922.

Resulta, sen embargo, de especial interese que nos deteñamos un tanto na etapa máis vizosa, por actividade e por creatividade, que se poida pensar dun ser humano aínda en período de formación e asentamento. Era un tempo convulso, complexo, pero de cachó aberto para a esperanza, para a ilusión, para o entusiasmo, que é o tempo que vai de 1928 a 1936, cando este polifacético escritor, dinamizador cultural e activista político consume a súa etapa vital comprendida entre os 27 e os 35 anos de idade.

Cando foi nomeado director da *Biblioteca de Estudios Galegos* en Madrid, na que publica seis volumes, toma contacto firme coa patria, camiño da galeguidade. No ano 1928 gaña a Cátedra de Xeografía e Historia do Instituto de Fregenal de la Sierra e contrae matrimonio con María Natividad Ulloa Sotelo, acontecemento que lle propicia as súas longas estadias no pazo dos Ulloa de Esposende, para tomar contacto coas terras propicias do Ribeiro do Avia. Na distancia de Fregenal de la Sierra apéntanse os vencellos con Galicia, realidade e concepto, nunha emotividade fóra de control.

Ó tomar posesión da súa praza no Instituto de Ensino secundario de Noia, en 1930, á que accedera por concurso de traslados, ábrese tódalas portas e ventás do universo para que Álvaro das Casas, que atopou alí destacados intelectuais e artistas galegos, entre os que destaca Carlos Maside, fíxese realidade aquela inqueda nacionalista, aquela aspiración literaria que se plasmou, especialmente, no verso (*Sulco e vento*, 1931), no teatro (*Matria*, 1935), na prosa didáctica (*Cuestionario de Xeografía e Historia*, 1932), no ensaio político (*Verbas aos mozos galegos. O momento universitario*, conferencia pronunciada no Paraninfo da Universidade, posteriormente editada), por citar algunhas das significativas obras entre as máis de trinta que publicou nesta época, entre libros e folletos diversos. Especial transcendencia alcanzou Álvaro das Casas como guairo de xuventude, sempre ocupado en formar ós mozos dende os principios galeguistas, con especialísimas reflexións sobre a lingua, ata o punto de fundar Os Ultreya, organización que, ó parecer, pasou dos dous mil afiliados. Promotor e responsable de publicacións periódicas, conta en *Alento* coa súa máis transcendente achega revista que alcanzou os 12 números, con tan destacados colaboradores como Risco, Fernández del Riego ou Antón Vilar Ponte. Como teórico e activista político, posiblemente sexa a creación do partido Vanguarda Nazionalista Galega, como excisión arredista do Partido Galeguista, o seu fito máis importante, sen esquecermos unha moi activa participación no pacto Galeuzca.

Como hai que pór cabo a estas liñas, por imperativo de espacio que non legal, xa tan só faremos referencia á condición de primeiro secretario da Asociación de Escritores Galegos que detentou Álvaro das Casas, ó tempo que nos preguntamos cales puideron ser os motivos dun cambio tan radical de pensamento nun home de sobrada instrución, na plenitude da súa madurez intelectual, lonxe dos lobos ruzos que tanto medo metían no exilio interior. Para unha resposta cabal, seguramente cumprirá de longo tempo de investigación.

m ODESTO HERMIDA

Rosa Aneiros fai en **Resistencia** un bonito poema da vida. Un poema de amor, escrito con soidade e con alegría. A novela, editada en Xerais, chega a nós correndo e debuxa en nós unha vaca. **Está ambientada en Portugal**, nese país irmán e precioso. É un libro que nos fai soñar todo o tempo. Que nos chega ao corazón, que nos arrebatada. Que nos conmove, que nos ilumina por dentro. **Resistencia é unha historia longa, que fai sentir, que fai chorar. É unha historia que nace no corazón e que se escribe coa lentitude da poesía. Coa ilusión da verdade.**

Resistir no amor

h

ai na novela vontade de querer cambiar o mundo. Quérese transformar a inxustiza, borrar a dor da dictadura. Abrir o cambio. Loitar, no abismo. Nos cárceres, que nos rouban a nosa dignidade. Esas cárceres horribles, onde a ve-

ces nos meten, sen posibilidades de saír. Pero hai que resistir, sempre. Agardar, sempre. Hai que crer no futuro, un futuro difícil pero necesario e poderoso. Coa esperanza, que nos ilumina os ollos. Que nos enche. Bailar, hai que bailar.

Gustoume este libro, este libro marcou en min un camiño de ledicia. Desfrutei con cada párrafo, con cada palabra. Estar lendo este libro era como estar todo o tempo envolta nun soño. Desexei romper as mentiras que nos invaden. Desexei atravesar o abismo. Chegar a un lugar cheo de mar e paxaros. Ser libres, despois de todo. Ser libres, despois de loitar toda unha vida. Amar, como cabalos. Como Dinís e Felipa, os protagonistas da novela. Dous rapaces heroicos, dous heroes calados. Namorados vivamente un do outro, como na escola. Namorados dende sempre, e para sempre.

Ese amor vivo e forte dos nenos e das nenas. Ese amor forte, ese barco no que resistimos todo o tempo que faga falta. Eu sempre quero estar no barco. *Resistencia* é unha novela poética, un canto triste pero alegre. Unha forma moi bonita de debuxar unha historia. De xeito delicado, doce, como cruzando un ceo azul e limpo e cheo de estrelas.

O alento desta novela bebe no realismo e na maxia, no idealismo e na forza. A forza grande das palabras, que xorden como unha linguaxe nova. Como quen merca vestidos novos na feira. Como quen abraza a súa nai. Como quen rompe a gorxa nos mercados. Como quen acolle en si mesmo os misterios todos do mundo. Como quen loita, por amor, na guerra.

Entendo o éxito desta novela, entendo que se venda ben e que se lea moito, e que a celebremos. Entendo os ollos soñadores e limpos de Rosa Aneiros, a novelista, que sempre vive na beleza. Que escribe obras importantes do mar e da vida. Obras nas que se soña. Eu non quero un sistema literario

baleiro. Eu quero novelas comprometidas co pasado e coa historia como esta. Esta novela apaixonada, que nos engaiola, que nos estremece. Que nos cruza o lugar no que levamos o corazón, e fainos correr outra vez, correr como cando escapabamos da escola, cando eramos nenos cheos de amor.

Gústame o romanticismo que hai nesta novela. Significa unha forma de reconciliación coa vida e co mundo. Unha forma de integrarnos. Non é un sentimentalismo acedo nin cursi, senón un desbordamento dos ríos. Saír da canle. Abrir os ollos. Sentir dentro de nós o lateo do mundo. Abrir o amor que levamos na caixa cerrada dos corpos.

Cóntanse no libro moitas historias, hai moitos relatos, entretrecidos, conformando un baile, unha festa. Non hai unha visión única. Hai moitas visións. É divertido mirarse nos espellos desta novela. É moi divertido. Unha sente que o peso da vida vai medrando. Unha sente que hai moitas novelas dentro da novela, e que todas nos van levando por ríos internos, maravillosos. Aprendes que tes que estar atenta a todo. Que a vida é un conto enorme que alguén nos conta. Que a vida é un conto fabuloso, unha fábula necesaria, unha historia de amor moi intensa.

É un libro cheo de metáforas. No que a poesía xorde con mirada nova. No que desfrutamos aprendendo no que a autora nos conta. A autora mirouse a si mesma na historia do país veciño, e fixo unha colaxe expresionista chea de berros. Berros calados que xorden con moita forza. A forza do amor, ese barco. A forza calada do cabalo, esa enerxía que todos levamos dentro, rachando os nós das nosas miradas. Abrindo un caudal enorme de palabras e sentimentos. Nesa forza cega que empuxa de nós, que nos arrastra, na vida.

Admiro á xente que, como Rosa Aneiros, sabe construír novelas. Facer novelas como quen levanta casas. Paréceme difícil, e extraordinario, e necesario. Necesario, para todos nós. Para arrincarnos da sombra. Para facernos máis libres. A liberdade é moi importante nesta novela. É o motor. A loita incesante por liberarnos, romper a opresión que habita nos nosos ollos. As novelas son necesarias para que os pobos naveguen libres. Na ficción. A ficción maravillosa, que nos instala na felicidade, que nos fai lectores libres e alegres. Correndo, na tarde, nos cabalos, nas bicicletas.

Esas bicicletas nas que andan os protagonistas desta novela. Nesas paisaxes portuguesas cheas de beleza, que tan ben a autora nos describe, levandonos lonxe de nós mesmos e das nosas vidas. Eses pobos, esas cidades, en Portugal. Son lugares que se levantán na néboa, na paz, na historia. Dándolle voz aos ricos, pero tamén aos pobres, sobre todo aos pobres. Na heroica batalla. Na Revolución dos Cravos. No vintecinco de abril. No orgullo. Na fachenda. Nas fendas que se abren en nós. Na loita incesante. Na liberación da patria, na liberación aberta do amor. No sangue, no sangue que flúe, facendo unha enorme ferida que quizais nunca se cure. No exilio, na mentira, na dor. Nos sentimentos. Sempre os sentimentos, enchendo toda a novela. Como quen fai un cadro coas miradas da xente. Como quen se instala no cárcere, pero escapa, porque escapar é necesario. Contra os dictadores, contra a barbarie, contra a infamia. Contra Salazar, contra unha enfermidade que nos percorre. Contra o ritmo que a veces a historia marca. Porque é necesario mirar todo cara a cara, e coller as rendas. Facer folgas, rebentar nas fábricas. Berrar duro nas universidades, nos colexios. Dinís e Felipa ámanse dende sempre e para sempre. Viven xuntos, sempre viviron xuntos, sempre vivirán xuntos. Mirando o mar en San Pedro de Moel. Sempre estarán nesa aldea perdida no tempo, cos seus nomes, coas súas loitas, cos seus ideais de nenos pequenos que viven no amor, que sempre viviron e sempre vivirán no amor.

O odio non leva a ningunha parte, e fai que nos perdamos no camiño. A aventura da vida é unha aventura chea de amor e nostalxia. As nosas feridas poden curar. Sempre queda a esperanza. A mensaxe desta novela é dura, pero é tamén optimista. As bágoas que nacen en nós son bágoas cheas de tristeza e impotencia, pero tamén cheas de ilusión. Como volver a sentir e xogar na infancia. Volver a atravesar unhas paredes fortes que ningún atravesaba. Ser diferentes, pensar distinto, na homoxénea realidade do mundo e das ventes. As bágoas están cheas de dor, pero tamén de forza. As bágoas nacen en nós como nace a vida. Rompendo o corpo da nai. Esgazando a carne da nai. Coa paixón e coa dor. Coa forza toda, que nos invade, e que nos fai máis humanos. *Resistencia* é unha novela longa que se le rápido, correndo. Que nos instala na alegría. Unha novela sentimental, profunda. Unha viaxe pola historia de Portugal. Un relato emocionado e arrebatador, que nos fai felices, que nos fai soñar. Unha fermosa historia de amor. Na alegría de amar, resistir, loitar. Porque hai que vivir na ficción tamén, para poder soportar a vida. Por iso, hai que ler esta novela. Ler, gozando, aprendendo. Hai que ler esta novela para comprender o que un día fomos, o que somos, e o que podemos ser. Non todo é plano. Hai ángulos. Hai perspectivas. E a perspectiva desta novela de Rosa Aneiros é, sempre, a perspectiva da liberdade. Esa forma romántica de mirar todo. Ese amor que impregna a mirada. Ese maravilloso sentimento que nos fai estar máis vivos. Que nos fai resistir, no amor.

LUPE GÓMEZ



O desexxo

‘ **A erótica ten que ver coa recuperación de moitas cousas e, en primeiro lugar, coa recuperación dos corpos silenciados, transgresores, que agachaban no seu interior todo o que a cultura patriarcal nos impuxo**


a

erótica ten que ver coa recuperación de moitas cousas e, en primeiro lugar, coa recuperación dos corpos silenciados, transgresores, que agachaban no seu interior todo o que a cultura patriarcal nos impuxo coas súas prácticas e nas súas prédicas. Xa que logo, a boa literatura erótica non se nutre daqueles libros que, segundo a célebre definición de Rousseau, os lectores len cunha soa man. Aléitase coa doazón absoluta ao lector, doazón dos corpos, non só coa corporalidade física, senón con aquela máis delicada e sutil. *Darse por informado* ao lector para que este sinta pracer, como diría Roland Barthes. É importante que a literatura, que

nunca desaproveitou nada, que xamais arrecantou nin unha partícula da vida humana, non se teña esquecido do amor e do erotismo. Sempre estiveron aí, de forma larvada, se cadra con outros nomes. Mais a literatura, ese xogo interminable e por veces insensato de palabras, leva recreando innumerables historias eróticas. Desde a antigüidade, desde ese prato sabroso para sondar no amor dos efebos que é *O Banquete* de Platón, ata *Lolita* de Vladimir Nabokov. E ata os nosos días, malia que no ámbito das letras hispanas a literatura erótica verdadeira é hoxe practicamente inexistente, quizais porque, como afirma Vargas Llosa, xa non é a censura o que hai que flanquear, senón a barreira da banalidade e do estereotipo. A permisividade fixo que todo resulte aceptable, esvaeceuse o efecto escandaloso e o erotismo é na actualidade algo previsible, mecánico, monótono, sen o refinamento estético e inconformista capaz de desafiar a moral represiva establecida.

Temos, iso si, algúns fitos que contribúen de xeito puntual a inventar un xénero erótico nas literaturas estatais. Sen dúbida o máis coñecido e relevante é o premio e a colección *La Sonrisa vertical*, que celebra este ano o vintecinco aniversario e supera o listel dos cento vinte títulos publicados. En efecto, no ano 1977, a editora Beatriz de Moura e o cineasta Luis García Berlanga converten en realidade o proxecto de crear un premio e unha colección de literatura erótica para os que o director de cine elixiu o nome a partir dunha metáfora francesa. O premio, un dous poucos que de cando en vez quedan desertos, foi parar este ano ás mans dun escritor neófito, o libreiro sevillano José Luis Rodríguez del Corral que o gañou coa novela *Llámalo deseo*.

Na peza, que está escrita coa intención de combinar o lirismo coa excitación sexual de tal xeito que a descrición dos actos sexuais se fai sen amaños, pero ao mesmo tempo sen caer na afectación relambida, entran en acción catro personaxes. Dúas mulleres donas da súa propia sexualidade e dous homes pasivos sexuais. Héctor, un autista sexual, tímido, que contempla con pracer morboso os adestramentos dunha moza e



atractiva nadadora vestida de neopreno e á que olla como unha serea do *bondage*, como unha muller atada membro do harén das súas fantasías das fermosas durmientes atadas. Tal como no bordel da novela de Kawabata, no que se ofrecen rapazas anestesiadas a anciáns que as preferían así, xa que se avergoñaban da súa decrepitude. E Luis, reducido por un accidente á inmovilidade para o que a súa muller aluga películas porno nun sex-shop. Faino para aguilloar a súa fantasía coidando que naquel reducto imaxinario podería atopar ganas "de se empalmar e tamén de vivir". Mais o escape sexual dos homes (a pornografía dos vídeos e as imaxes de mulleres atadas) non é a opción que abonde para fartar a insatisfacción sexual delas, os dous personaxes femininos, Belén e Claudia, que decidirán levar a iniciativa.

Xorde así unha novela de homes estáticos e de mulleres con amplos desprazamentos que, situados nun taboleiro de xadrez —o símil é do mesmo autor— representaría a dous reis que a penas se moven, e a dúas raíñas responsables de se desprazaren libremente por todo o taboleiro.

Unha linguaxe ategada de imaxes suxestivas e insinuantes e unha estrutura dual formada por secuencias pares, narradas en primeira persoa por un dos personaxes femininos, o outras impares, escritas en terceira, convértese no vehículo apropiado que nos introduce nas secretas e agochadas xeografías das fantasías e nos arrabaldes do desexo posmoderno, alleo a tabús e prohibicións, que seguen sendo un motor indispensable para a vida que continúa nutríndose, como sempre, de insinuacións, de excitacións, de arelas atávicas, de exquisitas humillacións, de obsesións sen nome, da universal teimosía da carne.

f. MARTÍNEZ BOUZAS

Un clásico

Neira Vilas é un escritor dunha versatilidade asombrosa: relatos e novelas protagonizados por homes e mulleres de tódalas idades, historias narradas dende tódolos puntos de vista posibles, na procura sempre da voz máis acaída ó relato

S

empre resulta difícil tentar definir que é un clásico, mais o paradoxo desta cuestión é que non acostuma haber grandes discusións á hora de concederlle este estatuto á obra de determinados autores, e sen dúbida Neira Vilas é un deles. A súa foi sempre unha presenza constante nas nosas letras dende aquel ano 1961 no que marcara un fito coas súas Memorias dun neno labrego, presenza moito máis visible dende que na década dos

90 retorna definitivamente a súa Galicia natal (sen por iso deixar de voltar periodicamente a Cuba). O seu ingreso na Real Academia Galega dota dun xusto recoñecemento social e institucional a quen foi con frecuencia vítima da súa modestia natural e dunha etiquetaxe reduccionista que o converteu, erroneamente, nun autor para rapaces, un público estimado polo escritor e ó que certamente se dirixiu a miúdo, contribuíndo así involuntariamente a crear unha imaxe parcial de si e da súa obra.

Falo de parcial porque Neira Vilas é un escritor dunha versatilidade asombrosa: relatos e novelas protagonizados por homes e mulleres de tódalas idades, historias narradas dende tódolos puntos de vista posibles, na procura sempre da voz máis acaída ó relato. No único que as súas narracións resultan inconfundibles é nos temas tratados, pois hai unha grande estabilidade no seu mundo literario, un mundo que nace nas terras ullás da súa infancia e se vai ampliando, arrequeñándose con esa familia de adopción que é a emigración galega na Arxentina, con esoutra patria amada, a Cuba posrevolucionaria. Eses tres elementos fornécenlle un material inesgotable, nunha curiosa mestura de realidade e ficción coa que consegue un equilibrio moi particular, xa que cómpre non esquecer que un dos aspectos da polifaceta do escritor é o de constituírse en memoria viva da emigración galega. A súa arraizada conciencia de ser un máis desa Galicia da diáspora converteuno en cronista en obras como Galegos no Golfo de México, faceta esta que non está ausente na súa obra de ficción, nomeadamente nestes *Relatos mariñeiros* publicados por Xerais e que el mesmo confesa "teñen como referencia e inspiración a comunidade de pescadores galegos das Mariñas, asentados na Habana durante os anos trinta, corenta e cincuenta do século XX". Neira Vilas tende así unha ponte entre a Galicia pescadora —que nos últimos meses cobrou un novo protagonismo— e unha parte de nós que, mesmo da outra banda do océano, non perdeu a súa identidade mariñeira. Sen dúbida, moitas destas historias acubillábasas hai tempo o escritor no seu fardel, alí onde feitos e perso-



naxes reais evolúen e mutan ata converterse en ficción artística sen perder a súa autenticidade orixinal.

Nos vinte relatos que constitúen o volume, e que unha vez máis amosan a querenza do autor pola forma breve (mesmo minimalista diría eu: lembremos as maxistrais estampas de Lar, Pan ou Nai), atopamos un abano de temas que van dende a evocación de feitos históricos como a famosa epidemia de gripe que mancou a illa cunha elevada mortalidade ou as folgas do naval, por medio das cales os mariñeiros foron rabufiando melloras e dignidade, pasando pola memoria de episodios vencellados á guerra civil (un asunto no que Neira Vilas foi pioneiro nas nosas letras con *Aqueles anos do Moncho*) ata as eternas e universais historias de amor e outras que, sendo propias daquel tempo, cobran hoxe unha rechamante actualidade como as tribulacións dos sen papeis. Recorre o escritor a fórmulas narrativas moi variadas e, entre elas, sobrancea a epistolar, pola que ten amosado sempre unha marcada preferencia; a dispersión diexética das historias, que esta variedade modalizadora potencia, vese compensada reaparición en distintos relatos dalgúns personaxes, ás veces como principais e outras como secundarios, que contribúen a crear a impresión de que, máis que estarmos perante un feixe de historias, temos na man o novelo que vencella as vidas dun grupo humano.

Polo que se refire á lingua, Neira Vilas permanece fiel á vocación de enxebreza manifesta sempre ó longo da súa obra, neste caso evidenciada na recuperación dun léxico mariñeiro de presenza ben medida que en ningún momento abouxa ó lector, pero que coloreia o texto e potencia de forma implícita a dimensión documental do conxunto.


dOLORES VILA VEDRA

O xenio

’ A novela ‘House of Leaves’, de Mark Z. Danielewski é, na miña opinión, unha obra mestra chamada a provocar unha auténtica conmoción na novela do século XXI

U

n axudante de tatuador (*Johnny Truant*) con alucinacións e nai esquizofrénica recompón os escritos dun vello cego ó que atopan morto en circunstancias misteriosas. Nesas escritas fálase dun documental (*The Navidson Record*), inexistente pero referenciado en centos de publicacións académicas, filmado por un célebre reporteiro gráfico (*Navidson*) na súa propia casa familiar. Unha casa que é lixeiramente máis grande por dentro que por fóra. Unha casa onde un día aparece unha porta que non existía antes, que da a un corredor escuro e tenebroso que se bifurca ata o infinito e cambia continuamente as súas dimensións e as súas formas. A ansia de explorar o descoñecido. A falta de precaucións característica de toda historia de terror. As



aventuras e desventuras de Johnny Truant nos clubs de Hollywood. As cartas da súa nai dende o psiquiátrico. A natureza do medo... Pero *House of Leaves* é moito máis que todo isto...

Hai algunhas semanas recibín unha mensaxe do escritor Eloy Fernández Porta no que me xuntaba unha entrevista, que está a traducir parcialmente para a revista *Quimera*, realizada polos críticos Larry McCaffery e Sinda Gregory a un novelista chamado Mark Z. Danielewski. Xa-mais, ata entón, oír falar del, pero os eloxios que McCaffery & Gregory dedican á súa única novela publicada ata o momento—*House of Leaves* (Pantheon Books, New York, 2000)—practicamente obrigáronme a mercar o libro de inmediato.

Remito ós lectores ó texto da entrevista que aparecerá nun dos próximos números de *Quimera*, pero non podo evitar traducir pola miña conta as conclusións finais desa introducción:

“É moi probable que *House of Leaves* vaia ter un enorme impacto na presente xeración de escritores norteamericanos; entre os seus outros logros, ofrece un modelo convincente pra aqueles escritores que tentan de atopar un modo de usar a novela para provocar unha sensación convincente do aumento expoñencial nos estímulos sensoriais característico da nosa época—a ventisca de ruído de fondo, datos, códigos aleatorios, e narrativas competindo entre si que a fai tan difícil de localizar, non digamos de crear arte a partir dela. En calquera caso, gustárianos concluir esta introducción dicindo a aqueles lectores que chegando aquí poidan crer que os nosos argumentos a favor de *House of Leaves* son hiperbólicos: Lean esta novela con escepticismo polas nosas opinións, léana pola súa perspicaz análise dos alienantes efectos da arte e o narcisismo, na natureza do impensable ou irrepresentable, ou pola intensidade e a brutalidade da súa descrición do deformante poder que os pais exercen sobre os fillos, léana para ver onde estivo a novela e a onde se dirixe, léana para asustarse estupidamente. Pero léana”.

Como poden imaxinar, ós poucos días (¡Bendito sexa Amazon.com!) tiña o libro nas miñas mans. E podo admitir agora que os eloxios de McCaffery & Gregory están plenamente xustificadas.

House of Leaves é, na miña opinión, unha obra mestra chamada a provocar unha auténtica conmoción na novela do século XXI. Citando de novo a McCaffery & Gregory, a aparición deste libro “inmediatamente fai irrelevante e ob-

soleto calquera comentario acerca da irrelevancia e a obsolescencia da novela”. Danielewski aproveita maxistralmente a grande maioría dos recursos estilísticos desenvolvidos na narrativa máis experimental do século XX (recursos gramaticais, tipográficos ou temáticos, por exemplo) para fundilos con técnicas de montaxe cinematográfica e xogar, durante máis de setecentas páxinas, coa percepción da realidade do lector. A marabillosa construción e disposición dos textos, imaxes, notas, índices, poemas, colaxes, etc que compoñen o libro (e que, en tódolos casos, achegan novos sentidos ó que se está a narrar), producen un texto multidimensional que revoluciona a experiencia da lectura, dando un salto inmenso para poñer esa experiencia ó nivel perceptivo e evolutivo doutros medios artísticos que, supostamente, ían a ser os seus substitutos. Con *House of Leaves* a novela volve ser, por dereito propio, unha forma contemporánea de arte.

Quizais o máis asombroso de todo é que, como casi todas as novelas maxistrais, *House of Leaves* parte do desenvolvemento dunha idea extraordinariamente sinxela dun modo narrativo tan perfectamente coherente que xa se convertiu en best seller de culto pra unha xeración de lectores. A esencia do seu argumento, o núcleo principal do que se conta—e transmite con incrible fluidez a sintaxe, a tipografía e montaxe dos textos ata o punto de que, durante a súa lectura, o lector a penas é consciente da complexidade do texto, de que para continuar con esa historia de terror que o mantén en vilo é obrigado a xirar a páxina, saltar dun espazo a outro ou recorrer a un espello—é un tema que atopamos repetido na historia da literatura: O labirinto (os ensaios sobre o labirinto ou o eco que forman parte da novela xustificárian, por si sós, a súa lectura). *House of Leaves* é un laberinto acerca dun labirinto acerca dun labirinto... que se atopa no interior dunha casa “encantada” e habitada polos grandes monstros da narrativa—Ovidio, Dante, Shakespeare, Cervantes, Borges, Melville, Joyce, Pynchon, Vollmann, Foster Wallace—que falan libremente cos grandes da narrativa de monstros—Poe (por certo, nome artístico da irmá rockeira de Danielewski), Lovecraft, Shelley, King—mentres son filmados por Eisenstein, Welles, Brakhage, Kubrick, Cronenberg e Lynch.

Non penso poder saír deste labirinto en moito tempo.

gERMÁN SIERRA